Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das reunións mantidas e as achegas realizadas polos concellos, deputacións provinciais e colectivos para a declaración da Ribeira Sacra como ben de interese cultural, así como o prazo previsto para o remate do expediente e a declaración por decreto dese BIC

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27152 (10/POC-004405)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a suposta vulneración dos dereitos lingüísticos dunha cidadá nas dependencias da Xunta de Galicia en Lugo

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 27157 (10/POC-004406)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coas denuncias referidas á derivación dende o Complexo Hospitalario de Pontevedra a clínicas privadas de operacións de varices

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27159 (10/POC-004407)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coas situacións denunciadas en relación co Centro Penitenciario de Teixeiro no informe publicado polo Comité Europeo para a Prevención da Tortura, así como as recomendacións reflectidas nel e o prazo previsto para a realización das xestións necesarias para a transferencia a Galicia das competencias en materia de saúde penitenciaria

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 27168 (10/POC-004408)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a xestión que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa madeira afectada polos incendios forestais que a día de hoxe segue nos montes

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 27175 (10/POC-004409)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre o estado no que se atopa a ponte de Mourentán, situada no lugar do Coto, na parroquia de Santa María de Arbo, tras o seu derrubamento parcial o 7 de decembro de 2017, as razóns da demora da súa reparación e as actuacións que se van levar a cabo para aquela

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27177 (10/POC-004410)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea referida ao acordo pesqueiro co Reino de Marrocos

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 27183 (10/POC-004411)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre as deficiencias e carencias que presenta o Camiño Francés a Santiago de Compostela na vila de Portomarín, nomeadamente no seu trazado histórico, así como as actuacións e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27165 (10/POC-004412)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para corrixir a discriminación que padece o interior de Galicia en materia ferroviaria, a súa opinión ao respecto e as medidas que está a aplicar para avaliar a calidade e utilidade para a veciñanza das liñas existentes

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral en Comisión, sobre as medidas de apoio necesarias ao estudantado vítima de novatadas.

Baixo o pretexto de que constitúen un rito iniciático, as novatadas agochan unha natureza ben nociva, pois non se trata de bromas inocentes, senón dunha forma de violencia normalizada que se sustenta nunha asimetría de poder. Os verdugos aproveitan a súa situación de forza como “veteranos” co obxecto de aldraxar a un grupo de persoas que, pola súa situación, é particularmente vulnerable: os “novatos”. Nunha sociedade saudable algo semellante sería inadmisíble. Por desgraza, a nosa é unha cultura enferma que acepta cun silencio cómplice que as novatadas se repitan ano tras ano, en moitas ocasións con funestas consecuencias.

As novatadas diferéncianse das bromas en que as primeiras suceden sempre en contextos de dominación e submisión, nunca entre iguais. O eixo que as vertebra e sempre e necesariamente a coacción. En moitos casos, poden chegar a vulnerar bens xurídicos protexidos polo Código Penal, como, por exemplo, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a indemnidade sexual. Ademais, empréganse para perpetuar os roles de xénero dominantes. Mentres que os homes padecen novatadas vinculadas a valores que se consideran masculinos, como son a dominancia, a forza ou o aguante, as mulleres teñen que sufrir o feito de ser convertidas en obxectos sexuais.

As novatadas pódense dividir en función de se atentan contra a integridade física, psicolóxica ou sexual, principalmente.

As novatadas físicas son todas aquelas que comprometen a dignidade e a saúde do corpo. Entre as obrigas físicas máis frecuentes que os veteranos lles impoñen aos novatos atópanse: beber ata desfalecer, as veces a través dun embude; comer pasta de dentes, vómito ou excrementos; beber vinagre ou auga do retrete; ducharse en auga conxelada ou fervendo en medio da noite para logo durmir á intemperie; etcétera.

As novatadas psicolóxicas baséanse na humillación, que se acada a través do medo, do illamento, dos insultos e da exposición ao ridículo constante. Van dende disfrazar aos novatos e novatas de xeito ridículo ata usalos de criados na casa ou no colexio maior, arrebatándolles a capacidade de xestionar a súa propia vida durante unha tempada. Nos casos máis extremos, son obrigados a cometer pequenos delitos, como furtos.

As novatadas con connotacións sexuais son todas aquelas baseadas na humillación sexual. Poden consistir en permanecer espidos na rúa en medio da noite, en finxir prácticas sexuais con obxectos ou en obrigir aos novatos a ser sometidos a xogos que involucran un contacto íntimo.

Á luz do anterior, é claro que moitas novatadas incumpren o Código Penal, pero tamén a Declaración Universal de Dereitos Humanos, a Constitución española e o Estatuto do Universitario de Bolonia.

“O que infrinxira a outra persoa un trato degradante, menoscabando gravemente a súa integridade moral, será castigado coa pena de prisión de seis meses a dous anos. Coa mesma pena serán castigados os que, no ámbito de calquera relación laboral ou funcionarial e aproveitándose da súa relación de superioridade, realicen contra outro de forma reiterada



actos hostís ou humillantes que, sen chegar a constituír trato degradante, supoñan grave acoso contra a vítima. Imporase tamén a mesma pena ao que de forma reiterada leve a cabo actos hostís ou humillantes que, sen chegar a constituír trato degradante, teñan por obxecto impedir o lexítimo desfrute da vivenda”.

Código Penal, Título VII, artigo 173.

“Ninguén será sometido torturas nin a penas ou tratos crueis, inhumanos ou degradantes”.

Artigo 5º da Declaración Universal de Dereitos Humanos.

“A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á Lei e aos dereitos dos demais son fundamento do orde político e da paz social”.

Artigo 10º da Constitución española.

“(…) deberán presidir a súa actuación a honradez, a veracidade, o rigor, a xustiza, a eficiencia, o respecto e a responsabilidade”.

Estatuto do Universitario –Bolonia, 2010–, art. 63.

Dada a gravidade das novatadas e a súa presenza e proliferación anual, é urxente que se tomen medidas para erradicalas de raíz. As medidas sancionadoras son, por suposto, moi necesarias, pero resultan pouco efectivas no medio e no longo prazo. Por iso, entendemos que se debe apostar por políticas máis xerais que se



dirixan a tódolos actores involucrados. O Consello de Colexios Maiores de España ofrece as seguintes directrices ao respecto:

- 1) As políticas de prevención deben ter en conta a tódolos estudantes da institución, independentemente do curso. A concienciación ten que ser global.
- 2) Deben estar dirixidas cara toda a comunidade universitaria e cara os axentes sociais, dado que todos teñen un papel importante á hora de frear esta realidade.
- 3) Deben comunicar con claridade e firmeza que as novatadas non serán toleradas e que aqueles que participen delas serán sancionados polas súas accións.
- 4) Deberán ser avaliadas de maneira sistemática para garantir a súa efectividade no seu contexto de aplicación.
- 5) Os estudantes teñen que coñecer cales son os mecanismos de prevención de novatadas antes de incorporarse á vida universitaria, xa que, en moitos casos, prodúcense antes de que se celebren as xornadas de orientación e benvida.
- 6) É fundamental que as estratexias que se poñan en marcha se prolonguen no tempo, pois as novatadas contan cun importante arraigo.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia das novatadas que ano tras ano se suceden no entorno universitario galego?
- Que fixo para evitar que se produciran?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018.



Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 22/02/2018 18:50:54

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/02/2018 18:51:05

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, sobre a transparencia nos centros concertados.

Os centros concertados teñen a obriga de ofrecer educación gratuíta ás familias que así o requiran. Non poden, polo tanto, establecer barreiras de entrada económicas para manter afastados aos nenos e nenas con menos recursos. Porén, moitas familias creen que estes centros teñen dereito a cobrar cotas, o que leva a aquelas que padecen situacións económicas máis delicadas a non matricular aos seus fillos e fillas nelas.

A realidade é a seguinte: os centros concertados perciben fondos públicos para cubrir os salarios do persoal. Tamén reciben cartos para cubrir os gastos de mantemento e de conservación do centro. Por elo, a lei lles prohibe de xeito explícito cobrar cotas aos pais para financiar estes mesmos servizos. Si poden, en cambio, cobrar por un amplo abanico de servizos complementarios: transporte, comedor, actividades extraescolares, servizos psicolóxicos...

A pesar disto, moitos centros concertados aproveítanse do descoñecemento dos pais para facerlles crer que as cotas opcionais son en realidade obrigatorias. En moitos colexios ou ben non se menciona a voluntariedade das cotas ou ben se reflexa por escrito, pero logo se informa verbalmente de que en realidade son obrigatorias e que o redactado é un mero formalismo.

Ademais, as cotas gozan dunha opacidade que non tería que ser admitida en ningún centro financiado con diñeiro público. Os pais e nais non saben a que se



dedican os cartos recadados, o que outorga as escolas concertadas unha impunidade absoluta. A sociedade non ten xeito de fiscalizar as súas contas.

Tendo presente que comezamos o curso cun novo aumento de aulas concertadas, en moitas das cales se respira o clima retrógrado das formacións relixiosas que as dirixen, urxe esixir que tódolos centros financiados polo conxunto da cidadanía sexan transparentes e rendan contas ante todos nós.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Que seguimento está a facer o Goberno para garantir que os centros concertados respecten a igualdade de acceso?
- E para asegurar que informan de xeito explícito da non obrigatoriedade das cotas?
- Cal é a porcentaxe de rapaces e rapazas en risco de exclusión nos colexios concertados? E nos públicos?
- En que gastan os centros concertados o diñeiro que recadan coas cotas? O Goberno ten cifras ao respecto?
- No caso de non telas, por que non fixo ningún seguimento para evitar irregularidades?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 22/02/2018 19:07:25

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/02/2018 19:07:32

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Hai uns días puidemos ler nun medio de comunicación as declaracións da Sra. conselleira do Mar en canto á falta de xestión do Goberno na comercialización dos produtos galegos que ela mesma definiu como “unha débeda aínda pendente”. Isto ten como consecuencia que a facturación dos produtos só se incrementase un 3 %.

No ano 2008 un goberno sustentado polo PSdeG-PSOE, desenvolveu o selo de calidade pescadeRías, de onde senón?, que tiña por obxecto garantir a transmisión de información dende á produción ata á súa comercialización, e con iso mellorar a percepción no mercado dos produtos galegos. O Goberno do PP de Feijóo mantivo o selo pero nunca apostou por el, xa que as lonxas non perciben a necesidade de certificación, nin o cliente o esixe, nin está disposto a pagar un euro máis por este selo.

O programa 723A Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura dos orzamentos da Xunta de Galicia, supón 63,5 millóns de euros dos 155 millóns de orzamento da Consellería do Mar, o 41 %, pero para a comercialización e transformación de produtos pesqueiros e acuícolas son unicamente 22,8 millóns de euros. Un programa que rematou o ano 2016 cunha execución dun 82,2 %. Á espera de coñecer os datos de 2017, no terceiro trimestre a execución era menos da metade.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai realizar o Goberno galego algunha xestión para saldar a súa débeda pendente en canto á comercialización de produtos do mar?



Grupo Parlamentario

2ª) En caso positivo, como se van materializar esas xestións, cando, e como estima que van repercutir estas xestións na comercialización dos produtos procedentes do mar?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre que na provincia de Lugo a única lonxa asociada sexa a de Armadores de Burela?

4ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre que na provincia da Coruña, lonxas tan importantes como a da Coruña ou a de Cedeira non estean asociadas á marca pescadeRías?

5ª) Está cooperando a Consellería do Mar co resto das consellerías do ámbito económico do Goberno galego para reforzar os programas de innovación e comercialización dos produtos do mar?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/02/2018 10:59:44

Julio Torrado Quintela na data 23/02/2018 10:59:59

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e José Manuel Pérez Seco deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

No día de onte, 22 de febreiro, foi publicada na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia a resolución de adxudicación dun contrato de patrocinio pola Axencia de Turismo para realizar no ano 2018 un festival de música “O Son do Camiño” en Santiago de Compostela e cinco concertos en cidades de Galicia, por valor de 2.975.000 euros a favor da UTE composta polas empresas Old Navy Port Producións. S.L. e Esmerarte Industrias Creativas, S.L.

Esta adxudicación, de preto de 3 millóns de euros, realizouse polo procedemento negociado sen publicidade amparándose a Axencia de Turismo para poder utilizar esta figura e non facer un procedemento aberto, en que esta UTE “ostenta os dereitos de exclusividade do festival “O Son do Camiño” e dos artistas e grupos musicais de renome internacional”. Un claro subterfuxio para dar visos de legalidade á adxudicación dado que, segundo o Rexistro de Patentes e Marcas, a marca “O Son do Camiño” é solicitada por Old Navy Port Producións, S.L. o 12 de xuño de 2017 e se concede o 28 de novembro de 2017, a tempo para recibir, dous meses despois, o contrato de 3 millóns de euros.

Polo tanto este é un mero rexistro dun nome. Non hai ningunha actividade previa con ese nome, nin festival que se nomease así polo que non hai nada detrás, ningunha experiencia previa, nin evento famoso ou consolidado, tan só un subterfuxio para non abrir o concurso, polo que é evidente que non era necesario utilizar este nome de “O Son do Camiño”, o festival podía chamarse de calquera maneira sen pagar peaxes de exclusividade.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A situación deste contrato é aínda menos transparente e xera máis dúbidas cando comprobamos que o presidente Feijoo, acompañado do conselleiro de Cultura, entrevistouse cos propietarios dunha das empresas en abril de 2017, tal como reflicte a páxina web da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/hemeroteca/-/nova/059453/titular-xunta-reunese-director-resurrection-fest>), para tratar a creación dun novo festival de música como acontecemento previo ao Xacobeo, feito do que se fixeron eco tamén os medios de comunicación.

Menos de dous meses despois desta entrevista era solicitada a marca “O son do Camiño” por esta empresa.

Por se isto fora pouco en Fitur de 2018, tanto o presidente Feijoo como a directora da Axencia de Turismo, anunciaban que se realizaría o festival “O Son do Camiño” como evento previo ao Xacobeo e o presentaban como un festival propio da Xunta de Galicia. Un mes despois se conceden os 3 millóns de euros á citada UTE.

E aínda debe engadirse que non é certo que estas empresas teñan a exclusividade “dos artistas e grupos musicais de renome internacional” o que pode comprobarse nas páxinas web ou falando con calquera outra empresa do sector ademais de que na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia non se atopan os pregos de cláusulas administrativas nin os pegos de prescricións técnicas, e na resolución de adxudicación que podemos ler non existe ningunha concreción do que a administración está mercando por 3 millóns de euros, nin como vai ser o festival, nin cantos días durará, nin que artistas actuarán, nin que tipo de produción se fará (nin quen a pagará) para o festival, nin para os concertos nas cidades. En fin, que non se di absolutamente nada de onde imos gastar 3 millóns de euros polo que non sabemos que se paga con eles, nin que prezos se están asumindo, dado que tampouco é posible coñecer un festival previo “O Son do Camiño” porque non existe.

Non dubidamos da profesionalidade das empresas adxudicatarias, pero todo isto é un procedemento absolutamente inaceptable, feito pola Axencia de Turismo cunha total falta de transparencia e claridade, utilizando subterfuxios inadmisibles para unha administración pública que manexa diñeiro de todos.

Por outra parte este tipo de prácticas escuras, que só atenden á vontade política do PP, provoca serias e preocupantes dúbidas sobre como se vai xestionar a programación cultural do Xacobeo. Esta conmemoración é moi importante para as empresas culturais de Galicia por canto amplía a demanda dos seus servizos e polo tanto as oportunidades de negocio, dado que a Xunta manexa orzamentos especiais. Pero se a Xunta de Galicia vai continuar dando os contratos “a dedo” e dando o monopolio e a exclusividade a determinadas empresas por motivos que non coñecemos, sen concurso públicos e abertos, os beneficios van chegar a moi poucas empresas e repartirse de forma moi inadecuada. É máis, pode ser unha xestión moi prexudicial para un sector, neste caso o musical, formado por pequenas empresas moi susceptibles aos cambios na estrutura do mercado.

Por todo isto cremos que a Xunta de Galicia ten que dar de forma inmediata explicacións claras sobre a adxudicación destes 3 millóns de euros feita cunha total falta de transparencia e saltándose con bastos subterfuxios as garantías da lei de contratos.

Polo exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª.) Como xustifica a Xunta de Galicia a concesión por un procedemento negociado sen publicidade de 2.975.000 euros a unha UTE de dúas empresas musicais para a organización dun festival?

2ª.) Como explica a Xunta de Galicia que, a exclusividade da marca “O Son do Camiño”, á que se alude para dar o contrato nestas condicións, se conseguira por unha das empresas en novembro de 2017?

3ª.) Que relación hai entre a entrevista concedida polo presidente Feijoo aos propietarios dunha das empresas adxudicatarias para tratar da creación dun festival de música en abril de 2017 e a petición da marca “O Son do Camiño” en xuño do mesmo ano?

 Grupo Parlamentario

4ª.) Que valores, méritos ou vantaxes ten o festival “O Son do Camiño” que nunca se celebrou con anterioridade para provocar que a Xunta dea un contrato de forma directa sen ningún concurso aberto e que se pague a “exclusividade”?

5ª.) Non se podía celebrar o festival con outro nome? Que o impedía?

6ª.) Que se está pagando con estes 3 millóns de euros dados directamente? Que servizos están incluídos?

7ª.) Cal é a desagregación dos gastos do festival “exclusivo” e dos concertos que se van financiar con 3 millóns de euros?

8ª.) Por que non están colgados na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia nin os pregos de cláusulas administrativas nin os pregos de prescricións técnicas? Existen realmente estes pregos?

9ª.) Vai xestionar a Xunta de Galicia desta maneira, dando o monopolio e a exclusividade a certas empresas dos actos culturais do Xacobeo 2021?

10ª.) Considera a Xunta de Galicia que desta maneira se apoia ás empresas culturais de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/02/2018 11:17:12

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/02/2018 11:17:24

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O sector primario que se veu reducindo nos últimos anos de xeito acelerado, aínda supón o 10 % de todos os traballadores en Galicia que desenvolven a súa actividade sobre o 85 % do territorio, e que segue a constituír un alicerce fundamental na estrutura socioeconómica galega que cómpre amparar e apoiar como a mellor maneira de loitar contra o abandono rural.

Practicamente a totalidade das actividades produtivas desenvoltas no eido rural poden resultar afectadas polas inclemencias meteorolóxicas, de feito con carácter cíclico algunha das producións máis sobranceiras sofren os problemas derivados do comportamento anómalo das condicións meteorolóxicas.

Ademais dos problemas derivados por xeadas, secas, inundacións. . .etc, as distintas producións agrícolas e gandeiras tamén se ven sometidas a diferentes problemáticas como destrución da fauna salvaxe, ataques á cabana gandeira, lumes, problemas de xestión das explotacións ... etc.

Un dos elementos dos que poden dispor os agricultores e gandeiros para amortecer os fortes danos causados polos vaivéns climatolóxicos e outros factores que ameazan e\ou desequilibran as previsións produtivas e económicas das explotacións son os seguros agrarios.

O seguro agrario é un instrumento de política agraria, que para ser eficaz debe estar en continuo proceso de evolución para adaptarse ás necesidades do sector; sen esa adaptación a cobertura, seguridade e tranquilidade que deben proporcionar ao labrego e ao gandeiro perden efectividade e sentido.

Na derradeira inclemencia meteorolóxica que afectou ao sector primario galego como as xeadas de finais de abril, amosouse con toda claridade a realidade dos seguros agrarios: menos dun 20 % dos viticultores das denominacións de orixe

Grupo Parlamentario

afectadas dispoñían dalgún tipo de seguro, situación que se pode extrapolar á maior parte das producións, cultivos e cabanas gandeiras.

As razóns desta baixa cobertura para as actividades relacionadas co sector primario débese á falta de adecuación das características técnicas dos seguros á realidade produtiva e da estrutura da propiedade do sector primario galego.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) De que cantidade de diñeiro público dispón a Xunta de Galicia para os seguros agrarios para o ano 2018?

2ª) Cal é o motivo polo que os agricultores a tempo parcial non poden solicitar o seguro agrario?

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 23/02/2018 11:39:53

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/02/2018 11:40:04

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A Xunta de Galicia elaborou “O Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021” que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na nosa comunidade.

O dito Plan director consta de 4 obxectivos, 5 retos e 4 eixes de desenvolvemento coas súas liñas estratéxicas.

No seu apartado 4. Retos e visión compartida. Establécese que a visión é “Un camiño de todos para todos, un camiño adaptado para o peregrino de 2021, e un camiño modelo demostrador internacional.

No apartado 8. Visión desexada no 2021. Deséñase unha Etapa Modelo tipo na que se reflicte como se visualiza o Camiño para acoller ao peregrino do 2021 en materia de aloxamentos, servizos ao peregrino, conservación das rutas e do patrimonio, etc.

Para acadar esta Etapa Modelo en todo o Camiño, vanse a abordar as accións de xeito coordinado entre os distintos axentes no marco de cada ruta atendendo aos seus anos por Camiño, previamente establecidos.

Deste xeito, establécese para o ano 2017 a consecución das accións necesarias para acadar o obxectivo da etapa modelo nos itinerarios dos Camiño Francés, Camiño Fisterra Muxía e do Camiño Inglés.

Este obxectivo, establece como vai ser o camiño que vai acoller ao peregrino do 2021, o estándar de como vai quedar cada un dos itinerarios sobre os que se vai actuar:

Grupo Parlamentario

Servizos ao peregrino:

- Xestión enerxética, hídrica e de residuos eficiente
- Wifi na rede de albergues públicos
- Profesionais cualificados: idiomas
- Oferta gastronómica
- Produtos artesanais
- Oferta cultural
- Camiño limpo e en bo estado
- Xestión integral dos residuos
- Áreas de descanso cada 20 Km.
- Asistencia sanitaria
- Acceso a internet gratuíto no trazado do camiño
- Conservación do Patrimonio cultural
- Plantación de especies autóctonas
- Núcleos de poboación e patrimonio etnográfico protexido e rehabilitado
- Rutas alternativas para BBT e persoas con mobilidade reducida
- Sinalización: Mouteira oficial cda 0,5 km e cartel direccional en cada cruce ou tramo que precise.
- Fonte de auga potable cada 20 Km
- Áreas habilitadas para bebedoiros de animais
- Seguridade viaria: sen cruces perigosos, rutas peonís alternativas

Pero a realidade dista moito de cumprir este obxectivo de etapa modelo nos itinerarios indicados, pois son varias as deficiencias que se detectan nos tres itinerarios:

- Existencia de cruces moi perigosos, sen rutas alternativas.
- Deficiencia na sinalización do camiño, con falta de homologación nalgúns tramos do camiño
- Deficiente accesibilidade para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida, tanto no camiño como nos albergues públicos.
- Albergues sen sinalización para as persoas con diversidade funcional.
- Deficiencia na conectividade, cun 80 % dos tramos galegos sen Wifi libre e aberta.
- Escaseza de fontes con auga potable, así como de bebedoiros para animais.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Animais abandonados en tramos do camiño
- Campañas de promoción non artelladas conxuntamente coas deputacións e os concellos afectados
- Escaso apoio da Consellería de Cultura en determinados concellos por onde pasa o camiño.

No paso do Camiño de Santiago polo concello de Miño, as deficiencias son varias:

- Nalgunha das mouteiras, falta o P. K que marca a distancia ata Compostela.
- Na zona de costa Miño-Golf, hai dúas áreas de descanso unha moi próxima á outra, na segunda no sentido da marcha hai unha fonte de fundición sen billa e sen tubaxe.
- Sinalización confusa en varias zonas ao longo do camiño.
- Zonas anegadas en puntos baixos do camiño, o que se traduce en: lodos, lodos e limos, con falta da zahorra artificial.
- Zonas onde a auga circula polo camiño, pola falta de cunetas laterais por onde canalizar a auga.
- Zonas onde a saída de auga do caño de drenaxe doutra estrutura, non coincide coa drenaxe do camiño, o que implica que se anegue o camiño por toda a zona.
- Maleza (silvas, ortigas, etc) a ambos lados do camiño e pola parte superior (silvas colgadas de árbores). Hai un ano aproximadamente que non se limpa o camiño no tramo de Miño.
- Varanda metálica de protección da canle do río Baxoi, descolgada da estrutura existente, con perigo de caída ao río.
- A traza do camiño definida nos planos do P.X.O.M, non coincide coa realidade nun punto próximo á entrada de Miño.

Grupo Parlamentario

- Nalgunhas zonas hai drenaxes transversais que son gabias cun fondo de perpiaño, isto impide a adecuada circulación de bicicletas, estaría mellor resolto cun caño transversal por baixo da superficie do camiño.
- Non hai ningunha fonte de auga potable en todo o camiño ao seu paso por Miño.
- Hai estradas de dobre dirección sen beirarrúas, que coinciden co trazado do camiño.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dende o Concello, aproveitando unha modificación do PXOM (para adaptar a traza do camiño e outros aspectos) preténdese cambiar o trazado na zona da Barrosa, pasando do camiño tradicional á estrada principal, co consecuente risco para os peregrinos e perdendo o seu atractivo paisaxístico nese tramo.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Cando se van arranxar estas deficiencias que poñen en perigo ás persoas peregrinas que pasan polo concello de Miño?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/02/2018 12:01:38

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/02/2018 12:01:42

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/02/2018 12:01:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26872
Data envío: 23/02/2018 13:55:18.354

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa á situación do Castelo de Monterrei e da calzada das súas inmediacións e as medidas a adoptar nos próximos meses por parte da administración galega.

Durante os últimos anos, malia a oposición veciñal da Plataforma en Defensa do Castelo de Monterrei, entre outros colectivos da comarca, e de numerosas entidades coma o Consello da Cultura Galega ou a Academia Galega de Belas Artes, cos respectivos informes críticos, e malia os reparos da xustiza, concretouse a cesión por parte da Xunta de Galiza do Castelo de Monterrei a Paradores de Turismo S.A para a súa explotación hoteleira.

O informe elaborado polo Consello da Cultura, no que participaron numerosos expertos en patrimonio, en historia, antropoloxía, arquitectura, todas persoas con contrastado prestixio na materia concluíu, entre outras consideración que debía revisarse o destino para uso hoteleiro dunha parte do actual edificio do Castelo. Así mesmo, outras entidades e tamén o propio Bloque Nacionalista Galego alertou en diferentes ocasións da deficiente catalogación deste ben patrimonial e a necesidade de que, con carácter previo a calquera actuación e/ou intervención, debera establecerse cal é a figura de protección máis acaída así como unha planificación previa das posibilidades de uso con base ás necesidades de protección tendo en conta o alto valor patrimonial do castelo, da fortaleza e tamén da calzada que o enlaza co centro de Monterrei.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26872
Data envío: 23/02/2018 13:55:18.354

Nos últimos meses foron xurdindo diferentes novas nos medios de comunicación a respecto da situación da calzada, os traballos de cata arqueolóxica así como as necesidades de obra para a subministración de servizos ao Parador. Cómpre salientar que durante este tempo o goberno galego caracterizouse pola opacidade e a falta de información.

As novas aparecidas na prensa informaron primeiramente do peche do parador a comezos de febreiro de 2018 por obras na calzada, que cómpre recordar que ten tamén un importante valor patrimonial. Nesas semanas existiu información contraditoria emanada pola propia empresa xestora hoteleira que non esclarecía a duración do peche nin as súas causas. Así mesmo, tívose noticia dunha reunión no territorio afectado o pasado 22 de febreiro da que non consta información da Xunta de Galiza.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

-Coñece o goberno galego cal é a situación neste momento do Castelo de Monterrei?

-Que actuacións de protección patrimonial ten prevista a Xunta de Galiza para a calzada que dá acceso ao Castelo de Monterrei? Ten previsto que sexa tapiada? Ten previsto a súa valorización patrimonial? Cantas catas arqueolóxicas se desenvolveron na localización e con que resultado?

-Coñece o goberno galego a previsión de apertura do Parador?

-Ten avaliado ou vai avaliar o goberno galego o grao de cumprimento das condicións de cesión e a idoneidade do seu mantemento?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26872
Data envío: 23/02/2018 13:55:18.354

-Que actuacións está a desenvolver ou vai desenvolver Patrimonio en relación coa Acrópole e Castelo de Monterrei?

-Que valoración fai a Xunta de Galiza en relación cos resultados desde a cesión do Castelo?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/02/2018 13:47:54

María Montserrat Prado Cores na data 23/02/2018 13:47:58

Ana Pontón Mondelo na data 23/02/2018 13:47:59



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 13:55
Nº Rexistro: 26872

Data envío: 23/02/2018 13:55:18.354

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/02/2018 13:48:01

Olalla Rodil Fernández na data 23/02/2018 13:48:02

Xosé Luis Bará Torres na data 23/02/2018 13:48:03

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O concurso presentado pola Xunta de Galicia para a explotación do complexo do Monte do Gozo volveu quedar deserto. As elevadas esixencias solicitadas polo seu convocador eran excesivas e ninguén conseguía reunir as condicións para conseguilo.

Non obstante, esta situación, non sorprendeu ao sector turístico e hoteleiro galego o cal consideraba que as condicións do prego eran “abusivas, con cláusulas que facían moi difícil que calquera empresa se puidese presentar”. O elevada investimento inicial que esixía o concurso, así como a grande cantidade de gastos fixos en persoal e mantemento facían que fose practicamente inaceptable para calquera empresa.

Un dos obxectivos dunha empresa que se interesa por unha concesión é a posibilidade de facela rendible e, segundo apuntan do sector, o proxecto “non era atractivo dende ningún punto de vista”, polo tanto, o que quedase deserto non é de estrañar.

Debido á evolución do peregrino nestes últimos anos, diversificando o tipo de aloxamento que buscan e o tipo de turismo que realizan, o proxecto que se desenvolva no complexo do Monte do Gozo ten que ser atractivo en innovador para que funcione e sexa rendible.

A pesar do gran esforzo de investimento realizado por Turismo de Galicia no complexo, non é suficiente. Tense que dar cun proxecto que sexa realmente “atractivo, con servizos que serva para atraer ao visitante”, no só durante os meses de grande afluencia de peregrinos. O acondicionamento do espazo e a súa mellora son elementos esenciais para que a concesión sexa tentador para as potenciais empresas á hora de se presentaren para conseguir a concesión.

 Grupo Parlamentario

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as causas polas que ningunha empresa se quere facer cargo do complexo do Monte do Gozo?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Cales foron as causas polas que quedou por segunda vez deserto o concurso do complexo do Monte do Gozo?

3ª) Cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia segue investindo cartos públicos, xa que os gastos de acondicionamento deberían ser asumidos pola empresa concesionaria?

4ª) De haber outro concurso, será aberto ou negociado, no caso de ser afirmativa a resposta, en que prazo?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/02/2018 13:54:27

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/02/2018 13:54:35

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz, e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No Consello da Xunta desenvolvido o 1 de febreiro de 2018 presentouse un informe relativo aos convenios asinados en 2017 pola Consellería do Medio Rural e 35 concellos galegos, para a adquisición de tractores e apeiros co obxectivo da roza e limpeza de maleza para prevención dos incendios forestais.

O orzamento total dedicado á materialización destes convenios de colaboración foi de máis de tres millóns de euros para a compra de tractores neses municipios, que percibiron ata 90.000 euros para a compra desta maquinaria con dous apeiros para rozas”, segundo se reflicte na información aos medios facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia.

Tamén se manifesta a intención do Goberno galego de repetir este proceso iniciado por primeira vez en 2017, e que o Consello da Xunta tivo coñecemento nese consello dun informe final sobre o proceso.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Onde está publicado o dito informe para consulta pública da cidadanía?

2ª) Que conclusións se establecen no dito informe?

3ª) Cales foron os motivos polos que o Goberno galego estableceu estas axudas en forma de convenios nominativos?

4ª) Cales foron os criterios establecidos pola Xunta de Galicia para asinar convenios de colaboración con 35 concellos?

 Grupo Parlamentario

5ª) Cales son os 35 concellos cos que a Xunta de Galicia asinou convenios de colaboración no exercicio 2017?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6ª) Cales van ser os concellos cos que a Xunta de Galicia vai asinar convenios de colaboración no exercicio 2018 para adquisición desta maquinaria?

7ª) Cal é o orzamento que vai dedicar a Xunta de Galicia para este exercicio 2018 para o establecemento de convenios de colaboración cos concellos galegos para a compra de tractores e apeiros para rozas?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/02/2018 11:04:38

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/02/2018 11:04:46

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

No Consello da Xunta desenvolvido o 1 de febreiro de 2018 presentouse un informe relativo aos convenios asinados en 2017 pola Consellería do Medio Rural e 35 concellos galegos, para a adquisición de tractores e apeiros co obxectivo da roza e limpeza de maleza para prevención dos incendios forestais.

O orzamento total dedicado á materialización destes convenios de colaboración foi de máis de tres millóns de euros para a compra de tractores neses municipios, que percibiron ata 90.000 euros para a compra desta maquinaria con dous apeiros para rozas”, segundo se reflicte na información aos medios facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia.

Tamén se manifesta a intención do Goberno galego de repetir este proceso iniciado por primeira vez en 2017, e que o Consello da Xunta tivo coñecemento nese consello dun informe final sobre o proceso.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Onde está publicado o dito informe para consulta pública da cidadanía?

2ª) Que conclusións se establecen no dito informe?

3ª) Cales foron os motivos polos que o Goberno galego estableceu estas axudas en forma de convenios nominativos?

4ª) Cales foron os criterios establecidos pola Xunta de Galicia para asinar convenios de colaboración con 35 concellos?

 Grupo Parlamentario

5ª) Cales son os 35 concellos cos que a Xunta de Galicia asinou convenios de colaboración no exercicio 2017?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6ª) Cales van ser os concellos cos que a Xunta de Galicia vai asinar convenios de colaboración no exercicio 2018 para adquisición desta maquinaria?

7ª) Cal é o orzamento que vai dedicar a Xunta de Galicia para este exercicio 2018 para o establecemento de convenios de colaboración cos concellos galegos para a compra de tractores e apeiros para rozas?

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/02/2018 11:08:38

José Antonio Quiroga Díaz na data 26/02/2018 11:08:43

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/02/2018 11:08:54

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/02/2018 11:08:59

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

O Centro de Educación Especial Terra de Ferrol é un centro de referencia que acolle a alumnado con necesidades especiais que non é escolarizado en centros ordinarios. Entre os recursos cos que conta este centro, está o servizo de internado.

Os obxectivos do servizo de internado do CEE Terra de Ferrol, antes “Carmen Polo”, eran os seguintes:

- Traballar sobre diferentes aspectos referentes á vida diaria.
- Atender ás familias dos alumnos/as internos/as.
- Atender ás familias nas súas problemáticas que presentan cara a estancia dos alumnos/as no Centro.
- Programar e supervisar as diferentes actividades dentro e fora do Centro, diarias e de fin de semana.
- Programacións das Rutas e saídas semanais dos alumnos/as ás súas casas coa colaboración dos profesionais correspondentes.

En setembro de 2017, no inicio do curso escolar do Centro de Educación Especial Terra de Ferrol, a Consellería de Educación informa que non está



disposta a seguir asumindo o custo dos internado en fins de semana e festivos, por non ser competencia desta Consellería (entendemos que se refire a que o sería da de Política Social).

Así, estes días o internado péchase e trasládase aos e ás menores residentes a outros centros da provincia.

Por outra parte, redúcese drasticamente o número de alumnado interno, non habendo altas nesta modalidade no presente curso escolar. Ademais, menores tutelados pola Xunta son trasladados a outros centros.

En decembro de 2017 iniciáronse obras de remodelación e mellora, nun proceso similar ao que sucedeu en 2010, cando logo dunha remodelación se privatizou a xestión da Residencia de Persoas Discapacitadas Souto de Leixa, un centro destinado a persoas adultas.

Na actualidade, o internado do CEE Terra de Ferrol conta só con 11 residentes, cando en 2015 eran 24 e cando conta con 30 prazas.

O CEE Terra de Ferrol ten case 70 efectivos de persoal.

A baixo rateo de alumnado interno apunta a que se prevé o peche do servizo de internado, coa consecuente perda de postos de traballo e a ameaza para outros servizos do CEE Terra.

A Dirección do CEE Terra de Ferrol informa de que non existe lista de agarda para o centro.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta á Xunta de Galicia:



- Ten previsto a Xunta pechar definitivamente o servizo de internado do CEE Terra de Ferrol?
- Ten previsto a Xunta privatizar a xestión do servizo de internado do CEE Terra de Ferrol?
- Non considera a Xunta axeitado manter o servizo de internado no CEE Terra de Ferrol?
- Cantos menores tutelados foron trasladados a outros centros de Ferrol?
- Que medidas van tomar as Consellerías de Política Social e de Educación para garantir o servizo de internado no CEE Terra de Ferrol?
- A que responden as obras acometidas na zona de internado do CEE Terra de Ferrol?
- Que demanda de prazas de internado en CEE para menores con necesidades educativas especiais hai en Galicia en cada provincia?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 26/02/2018 11:12:58



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 11:39
Nº Rexistro: 26910
Data envío: 26/02/2018 11:39:43.185

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o contrato privado de patrocinio negociado sen publicidade para a promoción do evento Xacobeo 2021.

O 21 de febreiro de 2018 publicouse no portal de contratación da Xunta de Galiza a resolución dun contrato privado de patrocinio publicitario entre a Axencia Turismo de Galicia e a UTE Old Navy Port Producións, S. L. e Esmerarte Industrias Creativas, S. L. para a promoción do evento Xacobeo 2021, a través da celebración do festival ‘O Son do Camiño’ en Santiago de Compostela e cinco concertos nas principais cidades galegas no ano 2018.

A contía total da contratación ascende a 2.975.000 millóns de euros (IVE incluído) e foi resolta a través dun proceso negociado sen publicidade.

Dous días despois, o 23 de febreiro, ‘O Son do Camiño’ dá a coñecer o cartel e as bandas que actuarán no Monte do Gozo entre as que se atopan relevantes artistas internacionais cunha presenza de bandas galegas, e en galego, absolutamente residual.

As entradas do festival, que terá lugar os días 28 a 30 de xuño, saen á venda a un prezo inicial de 39 euros + gastos (bono tres días).



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 11:39
Nº Rexistro: 26910
Data envío: 26/02/2018 11:39:43.185

Sorprende que o principal evento promocional arredor do Xacobeo 2021, que, cómpre lembrar, foi anunciado publicamente pola Xunta de Galiza como actividade propia a través da Axencia de Turismo o 12 de xaneiro de 2018, teña un custe tan elevado e, na súa contratación, o Goberno galego apenas actúe de patrocinador. Alén do máis, sorprende o procedemento de contratación seguido pola Xunta, sen publicidade por exclusividade, o que provocou grande malestar entre as empresas do sector.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galiza a través da AGADIC destinou en materia de subvencións a festivais de música para o ano 2017, a última convocatoria publicada até o momento, tan só 220.000 euros ([DOG núm. 63, do xoves 20 de marzo de 2017](#)) sendo o máximo ao que pode optar calquera proxecto que a solicite de 50.000 euros.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Por que a Xunta de Galiza actúa apenas como patrocinadora no que foi anunciado como o grande evento antes do Xacobeo 2021?
- Por que se contratou a través dun proceso sen publicidade por exclusividade, é dicir, sen concurso público, un programa de actividades que ascende a case tres millóns de euros (IVE incluído)?
- Que vixencia ten o contrato?
- Por que optou a Xunta de Galiza por patrocinar un evento rexistrado por unha empresa e non por organizar os actos?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 11:39
Nº Rexistro: 26910
Data envío: 26/02/2018 11:39:43.185

- En que consisten as actividades contratadas e cales son as condicións do patrocínio?

- Como valora a presenza de bandas galegas e en galego no cartel do festival ‘O son do camiño’?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/02/2018 11:37:28

Noa Presas Bergantiños na data 26/02/2018 11:37:33

María Montserrat Prado Cores na data 26/02/2018 11:37:38



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 11:39
Nº Rexistro: 26910
Data envío: 26/02/2018 11:39:43.185

Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2018 11:37:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/02/2018 11:37:41

Xosé Luis Bará Torres na data 26/02/2018 11:37:44

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O tráfico ferroviario galego vén de sufrir un novo agravio comparativo. Das 103 prazas de interventores que se cubriron no Estado, só 7 pertencen a Galicia. O número exíguo é aínda máis ridículo se temos en conta que o número de aprobados na comunidade foi máis do dobre: 18. Por que, entón, quedamos só con 7?

A propia Renfe recoñeceu durante o concurso de ascensos que para cubrir as actuais necesidades dos trens galegos se precisan polo menos 25 interventores. 7 non poden atender por si sos o volume de trens que non teñen persoal dabondo. Só durante o ano pasado circularon por Galicia sen interventor 4.500 trens de servizo público ou media distancia, así como 8.000 trens da rede de ancho métrico. Isto supuxo deixar de ingresar máis de 300.000 euros anuais, na medida na que impediu a 60.000 persoas viaxar con título de transporte. Por si mesmo, o anterior xa é bastante grave, pero é que ademais os viaxeiros sen billete non computan nas estatísticas de ocupación dos trens, o que contribúe a que as pequenas estacións parezan desertas e aumente o risco de recortes.

Máis alá da perda de ingresos e servizos, esta situación afecta á propia seguridade dos viaxeiros e viaxeiras, pois fai máis complicado atender as incidencias na circulación e aplicar os plans de emerxencia en túneles ou nas subidas e baixadas do tren.



Se non se arranxa, o problema ameaza con empeorar rapidamente, xa que Renfe conta cun persoal moi envellecido, cuxa media de idade ronda os 55 anos. Algo semellante ocorre no servizo de venta de billetes, ao que cada día lle custa máis atender ao crecente número de viaxeiros e viaxeiras.

O Goberno da Xunta ten que facer valer os intereses de Galicia e reivindicar o persoal que precisa para garantir un servizo de calidade no noso sistema ferroviario.

Por todo o dito, presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Coñece o Goberno da Xunta de Galicia os problemas no servizo ferroviario galego relacionado coa ausencia de persoal suficiente?
- 2.^a) Coñece o Goberno da Xunta de Galicia a carencia de revisores nos trens que circulan por Galicia?
- 3.^a) Ten feito algo a Xunta de Galicia para que este problema se resolva?
- 4.^a) Ten pensado, o Goberno da Xunta de Galicia, tomar cartas neste asunto ou pensa mirar cara outro lado diante do abandono que está a sufrir o servizo ferroviario en Galicia?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 26/02/2018 12:49:42

Antón Sánchez García na data 26/02/2018 12:49:50

ÁMESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

As agresións medioambientais constitúe un dos grandes problemas do noso tempo. Nas últimas décadas téñense extinguido multitude de especies debido a este problema e multitude de afeccións na saúde humana tamén están relacionadas coa contaminación. A triste realidade é que hoxe deixamos un mundo, en termos medioambientais, moito peor do que nos atopamos sen que se estean a tomar as medidas necesarias para reverter esta situación.

Recentemente soubemos que na cunca do Miño-Sil localizáronse 13 praguicidas, dos cales 11 poden ser disruptores endócrinos (isto é, poden interferir no sistema hormonal da fauna acuática) e cinco teñen prohibido o seu uso. Ademais, atopáronse restos de lándano e herbicidas como o metacoloro e o diuron.

Para evitar que a contaminación da auga supoña un perigo para a contorna e a saúde, é preciso que se atopen os puntos nos que se producen os vertidos tóxicos e que se tomen medidas para combatelos.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión.

- A Xunta de Galicia fai seguimento da contaminación que padece a cunca do Miño-Sil?
- Teñen coñecemento da súa orixe?



- Que actuacións se teñen feito dende o Goberno da Xunta para evitar a contaminación na cunca Miño-Sil?
- Que pensa facer unha vez coñecidos estes nefastos datos?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018.

Asdo: Marcos Cal Ogando

Antón Sanchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 26/02/2018 11:15:36

Antón Sánchez García na data 26/02/2018 11:15:49

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O río Santa Lucía nace en Pereira, atravesa as parroquias de O Convento, Vilaúxe, Camporramiro y Belesar, e desemboca no Miño á altura de Os Peares. A pesar da súa proximidade á zona industrial de Os Acivros, nunca sufrira ningún vertido contaminante. Ata o de agora, que empezan a detectarse manchas brancas na auga.

A contaminación coincide no tempo coa posta en marcha dunha depuradora. O polígono industrial de Os Acivros pasou trinta anos sen unha estación deste tipo. Ou, máis ben, sen unha estación deste tipo que fose operativa. Había unha depuradora, pero non se puxo en funcionamento ata que no ano 2016 se conseguiron os fondos para contratar o seu equipamento (100.000 euros). Durante os trinta anos que a depuradora estivo parada non houbo ningún problema cos residuos.

O acendido da depuradora produciuse en paralelo ao comezo de actividade do novo polígono de Os Acivros, situado xunto ao vello. O persoal técnico tivo que buscar unha solución que permitise depurar as augas residuais das novas empresas e decantáronse por construír unha estación de bombeo. A estación de bombeo envía o que pasa por ela a estación de tratamento do polígono, que está conectada coa depuradora que trata as augas residuais que xera o caso urbano de Chantada.



Non fai falla subliñar que no acondicionamento da nova zona industrial de Os Acivros se cometeron erros técnicos, cuxos síntomas máis visibles son a contaminación do río. Cómpre, polo tanto, revisar cal é o impacto medioambiental que teñen e poden chegar a ter as empresas do lugar para contrarrestar os seus efectos perniciosos.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que información manexa a Xunta de Galicia acerca do impacto medioambiental do polígono industrial de Os Acivros?
- 2.^a) En que grao de afectación se atopa o río dende que comezaron os verquidos?
- 3.^a) E ao resto da contorna?
- 4.^a) Cal son os seus posibles efectos na saúde pública?
- 5.^a) Que actuacións ten feito a Xunta de Galicia en relación a esta cuestión?
- 6.^a) Que actuacións ten previsto realizar a Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 26/02/2018 12:42:02

Antón Sánchez García na data 26/02/2018 12:42:12



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 13:15
Nº Rexistro: 26937
Data envío: 26/02/2018 13:15:34.339

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre a perda de falantes en lingua galega, nomeadamente entre a mocidade, e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para cumprir coas súas obrigas en materia de normalización lingüística.

Sucesivos estudos e institucións veñen advertindo nos últimos anos do proceso de substitución lingüística que se está a producir no noso país, a ruptura na transmisión xeracional do galego así como dunha perda progresiva de falantes habituais en lingua galega entre as faixas de idade máis novas.

Alén do informe elaborado polo Consello da Cultura Galega en 2017 sobre Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galiza, recentemente a Academia Galega, con motivo do Día da lingua materna ou lingua inicial, tamén fixo públicos os resultados deitados polo estudo Lingua e sociedade en Galiza 1992-2016.

Ambas as dúas institucións sinalan a política lingüística da Xunta de Galiza, especialmente a o Decreto 79/2010, como causa do retroceso da lingua galega no ensino e responsábel da tendencia á baixa do idioma propio de Galiza como lingua de uso social e habitual entre a mocidade.

Hai un ano que a Xunta de Galiza, tamén con motivo da data que conmemora as linguas maternas a nivel internacional, asegurou que desenvolvería unha campaña de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 13:15
Nº Rexistro: 26937
Data envío: 26/02/2018 13:15:34.339

normalización lingüística dirixida a promover o uso do galego entre a mocidade porén, até o de agora ese anunciado compromiso non se materializou.

Desde o BNG vimos denunciando de maneira constante e reiterada os prexuizos que a aprobación do Decreto 79/2010 supoñen para a normalización de usos do galego e, ao abeiro dos mencionados estudos sociolingüísticos, é máis que evidente as consecuencias que a perda de peso da lingua galega nas aulas está a ter.

Neste senso, a Academia advirte que o proceso de substitución lingüística – ralentizado entre 2003 e 2008-- volve coller impulso despois da aprobación do denominado *decretazo* e chama a reflexionar sobre as consecuencias da súa aplicación.

Tanto é así que, asegura está a fallar algo “cando o noso ordenamento legal desde os inicios da autonomía prevé avanzar cara a unha situación de normalidade do galego e de igualdade co castelán e, pola contra, unha parte crecente dos e das galegas sente unha presión cada vez máis forte para abandonar o galego e adoptar o castelán”; ao tempo que se produce unha “fenda na transmisión lingüística interxeracional”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación da lingua galega?
- Cal é a valoración do uso social e habitual que a mocidade fai da lingua propia do seu país?
- Que opinión lle merece ao Goberno galego a quebra que se está a producir na transmisión interxeracional do galego?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- De acordo coa análise que convida a facer a Academia galega, cre a Xunta que a aplicación do Decreto 79/2010 ten a ver coa aceleración do proceso de substitución lingüística?

- Que medidas prevé adoptar o Goberno galego para cumprir as súas obrigas estatutarias e legais de promoción e normalización da lingua galega?

- Con que prazos e orzamento traballa a Xunta de Galiza para iniciar a campaña de normalización da lingua entre a mocidade que anunciou o Conselleiro de Educación en febreiro de 2017?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 13:15
Nº Rexistro: 26937
Data envío: 26/02/2018 13:15:34.339

Olalla Rodil Fernández na data 26/02/2018 13:06:32

María Montserrat Prado Cores na data 26/02/2018 13:06:37

Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2018 13:06:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/02/2018 13:06:40

Noa Presas Bergantiños na data 26/02/2018 13:06:41

Xosé Luis Bará Torres na data 26/02/2018 13:06:43



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 13:46
Nº Rexistro: 26944
Data envío: 26/02/2018 13:46:46.258

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

1. O pasado 22 de febreiro tivo lugar na sala de Xuntas do Concello de Moaña unha xuntanza de representantes do goberno municipal de Moaña con representantes da UTE das obras de Rande na que estes confirmaron o que xa se sabía: que o pasado 30 de decembro non se inaugurou a ampliación da ponte senón que o que se fixo foi a apertura ao tráfico dos novos carrís.

Segundo os representantes da UTE, as obras pendentes de executar e que estaban incluídas no proxecto de ampliación da Ponte de Rande, son entre outras:

- Fresado dos carrís centrais ata chegar a cota de formigón do taboleiro orixinario.
- Impermeabilización do taboleiro central.
- Cambio das xuntas de dilatación.
- Reaxuste dos tirantes primitivos.

2. Na citada xuntanza, os representantes da UTE negáronse a facilitar datos sobre os prazos de finalización real da obras, remitindo ao Ministerio de Fomento e á concesionaria. A pesares de manter silencio sobre a confirmación dos prazos que



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 13:46
Nº Rexistro: 26944
Data envío: 26/02/2018 13:46:46.258

apareceron recentemente na prensa, recoñeceron que este era unha das cuestións que aínda estaba en negociación coa concesionaria.

3. Desde a Alcaldía de Moaña transmitíuselles o malestar polo ritmo das obras e a súa incidencia sobre o tráfico rodado na PO-551, a nefasta planificación das mesmas, a falta de respecto institucional pola nula información transmitida dende o Ministerio de Fomento, concesionaria e UTE. Asemade, déuselle conta d as queixas recibidas de veciños e veciñas afectados polas citadas obras.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Como valora a Xunta de Galiza o feito de que o 30 de decembro se procedera á inauguración das obras de ampliación da Ponte de Rande sen que estivesen rematadas?

-Que valoración lle merece ao goberno galego a planificación, coordinación e información que están a facer a concesionaria da autoestrada e a UTE en relación coas obras?

-Que xestións realizou a Xunta de Galiza diante do Ministerio de Fomento en relación coas queixas e críticas polo desenvolvemento dos traballos de ampliación da ponte de Rande?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 13:46
Nº Rexistro: 26944
Data envío: 26/02/2018 13:46:46.258

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/02/2018 13:42:25

María Montserrat Prado Cores na data 26/02/2018 13:42:30

Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2018 13:42:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/02/2018 13:42:34

Olalla Rodil Fernández na data 26/02/2018 13:42:35

Noa Presas Bergantiños na data 26/02/2018 13:42:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García e Manuel Lago Peñas, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Transportes Souto, unha das principais redes de paquetería industrial da Península Ibérica, solicitou a entrada en concurso de acredores o día 16 do presente mes. A empresa, con sede en Mos, suma 40 delegacións na Península e Baleares e 650 traballadores e traballadoras ao seu cargo, máis os autónomos e as empresas auxiliares subcontratadas, que fan un total de 1.500 traballadores e traballadoras. O concurso foi solicitado despois de que Abanca rexeitase a renovación das pólizas de crédito da empresa.

O ano pasado Transportes Souto recibiu o apoio da Xunta a través de Xesgalicia, que avalou o seu plan de negocio para o período 2017-2022. Foi grazas ao apoio do Goberno autonómico que a empresa logrou refinanciar a súa débeda cun crédito de 2 millóns de euros.

Como compensación pola axuda, Xesgalicia e Abanca impuxeron a Transportes Souto unha serie de obrigas que foron sistematicamente incumpridas. A compañía comprometeuse a desenvolver un plan de desinversións para mellorar a súa liquidez, a simplificar a súa estrutura e a que os seus socios e socias fixeran unha aportación de fondos que engrosase a nova financiación bancaria, pero faltou á súa palabra, en gran medida porque a Xunta non fiscalizou como debera.

Transportes Souto nin sequera foi quen de presentar un plan de negocio convincente, algo estraño tendo en conta que se trata dunha empresa con medios



suficiente para cumprir os seus compromisos. Teñamos en conta que se trata dunha compañía que opera con 356 vehículos de ruta e 725 unidade de reparto, e que ten á súa disposición 120.000 m² de instalacións en España e Portugal. Iso por non mencionar que o Grupo PSA é un dos seus principais clientes.

Así as cousas, a dirección comunicou xa a súa intención de conceder vacacións aos traballadores e traballadoras mentres negocia un ERE co obxectivo de evitar a suspensión de pagos. Ten catro meses por diante para logralo.

Os traballadores e traballadoras fai tempo que temían algo semellante, xa que en decembro non lles foron pagadas nin a mensualidade nin a extra. Ante esta dura situación, confían en que, polo menos, os empregos perdidos sexan subrogados noutras compañías do sector.

Cómpre actuar de inmediato para protexer ás persoas que afrontan o risco do desemprego e para evitar que a compañía aproveite o rebumbio para levar a cabo un alzamento de bens, tal e como vén de denunciar CCOO.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que vai facer a Xunta de Galicia para evitar o peche de Transportes Souto? E para preservar o emprego dos seus traballadores e traballadoras?
- Que medidas adoptou a Xunta para asegurarse de que Transportes Souto cumpría coas obrigas impostas tralo apoio de Xesgalicia?
- Como é posible que Transportes Souto non atendera as súas obrigas? Que fallou?
- Que vai facer a Xunta de Galicia para asegurarse de que Transportes Souto cumprirá cos compromisos futuros coas administracións?



- A Xunta de Galicia ten razóns para pensar que Transportes Souto pode estar acometendo un alzamento de bens?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Manuel Lago Peñas

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 26/02/2018 13:46:43

Antón Sánchez García na data 26/02/2018 13:46:51

José Manuel Lago Peñas na data 26/02/2018 13:46:58



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26955
Data envío: 26/02/2018 14:07:27.000

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

1. O pasado 22 de febreiro tivo lugar na sala de Xuntas do Concello de Moaña unha xuntanza de representantes do goberno municipal de Moaña con representantes da UTE das obras de Rande na que estes confirmaron o que xa se sabía: que o pasado 30 de decembro non se inaugurou a ampliación da ponte senón que o que se fixo foi a apertura ao tráfico dos novos carrís.

Segundo os representantes da UTE, as obras pendentes de executar e que estaban incluídas no proxecto de ampliación da Ponte de Rande, son entre outras:

- Fresado dos carrís centrais ata chegar a cota de formigón do taboleiro orixinario.
- Impermeabilización do taboleiro central.
- Cambio das xuntas de dilatación.
- Reaxuste dos tirantes primitivos.

2. Na citada xuntanza, os representantes da UTE negáronse a facilitar datos sobre os prazos de finalización real da obras, remitindo ao Ministerio de Fomento e á concesionaria. A pesares de manter silencio sobre a confirmación dos prazos que



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26955
Data envío: 26/02/2018 14:07:27.000

apareceron recentemente na prensa, recoñeceron que este era unha das cuestións que aínda estaba en negociación coa concesionaria.

3. Desde a Alcaldía de Moaña transmitíuselles o malestar polo ritmo das obras e a súa incidencia sobre o tráfico rodado na PO-551, a nefasta planificación das mesmas, a falta de respecto institucional pola nula información transmitida dende o Ministerio de Fomento, concesionaria e UTE. Asemade, déuselle conta d as queixas recibidas de veciños e veciñas afectados polas citadas obras.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que previsións ten a Xunta de Galiza a respecto da aprobación do PXOM de Vilaboa?

-Ten coñecemento a Xunta de Galiza da existencia de erros nas normas subsidiarias de 1991 en relación coa realidade urbanística do concello de Vilaboa?

-Como valora o goberno galego a actuación da APLU en relación co caso dunha veciña de Vilaboa á que se denunciou na vía xudicial e para a que a fiscalía pedía unha condena dous anos de cárcere e 6.000 euros de multa?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26955
Data envío: 26/02/2018 14:07:27.000

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/02/2018 14:04:51

María Montserrat Prado Cores na data 26/02/2018 14:05:01

Ana Pontón Mondelo na data 26/02/2018 14:05:03

Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/02/2018 14:05:04

Olalla Rodil Fernández na data 26/02/2018 14:05:07

Noa Presas Bergantiños na data 26/02/2018 14:05:09

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Mediante a Resolución do 22 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa convocouse a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2017-2018.

Este programa tal e como figura na citada resolución ten, entre outros, como obxectivo facilitar aos centros adscritos á rede Abalar a dispoñibilidade de libros e outros materiais dixitais cos que poidan desenvolver o seu proxecto curricular de 5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º de ESO no curso 2017-2018, debendo comprometerse os centros a manter o programa durante catro cursos académicos.

Como xa manifestou este grupo parlamentario en xuño de 2017, este plan non conta, polos motivos que sexan, coa aceptación maioritaria dos centros, afirmación que sustentamos nos seguintes feitos:

1) Para o curso 2014/2015, mediante a Resolución do 10 de xullo de 2014 (DOG do 7 de agosto) seleccionáronse 84 centros, todos eles impartindo educación primaria.

2) Para o curso 2015/2016 e mediante a Resolución do 21 de xullo (DOG do 11 de agosto), seleccionáronse 13 centros de educación primaria e 12 de educación secundaria obrigatoria.

3) Para o curso 2016/2017, e mediante a Resolución do 17 de xuño de 2016, foron seleccionados 2 centros de educación primaria e 2 de educación secundaria obrigatoria.

Por último, e para o curso 2017/2018 foron seleccionados 24 centros de educación primaria, 4 de educación primaria e secundaria e 36 de educación secundaria.

Grupo Parlamentario

En total, 123 centros corresponden a educación primaria sobre un total de 904 que a imparten nesta comunidade autónoma, o que supón un 13,61 % e 54 centros corresponden a educación secundaria obrigatoria sobre un total de 515, o que supón un 10,69 %.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nos debates orzamentarios correspondentes ao ano 2018, que se levaron a cabo a finais do ano 2017, este grupo parlamentario xa puxo de manifesto que a implementación deste programa estaba resultando errada posto que os centros aínda non recibiran o equipamento necesario, fundamentalmente os ordenadores.

Na segunda semana deste mes de febreiro, a propia Consellería facía público que se completaba a entrega dos 13.000 novos equipos, polo que resulta evidente que ata este momento o alumnado non dispoñían do equipamento axeitado; e mesmo parece que existen denuncias de que o material entregado está incompleto.

Ante esta situación o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do feito de que o alumnado non dispuxese ata febreiro, e polo tanto logo de transcorridos cinco meses dende o inicio de curso, do material necesario para o desenvolvemento do programa E-Dixgal?

2ª) Que coñecemento ten a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos instrumentos alternativos que se empregaron nos centros ata a chegada do material?

3ª) Considera a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que a aplicación práctica durante o curso 2017/2018 de E-Dixgal contribúe a fomentar a confianza da comunidade educativa neste proxecto?

4ª) Cantos centros renunciaron á súa participación no proxecto E-Dixgal dende a súa posta en marcha no curso 2014/2015?

5ª) Considera aceptable a porcentaxe de centros que participan no proxecto?

6ª) Que medidas pensa poñer en marcha para incrementar a participación dos centros?

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:



 [Grupo Parlamentario](#)

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/02/2018 16:44:49

Maria de la Concepción Burgo López na data 26/02/2018 16:44:55

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Só un exemplo: o día 15 de xullo de 2017, un terrible incendio afectaba a unha nave e a unha vivenda en Tenorio, no concello de Cerdedo-Cotobade, en Pontevedra. A extinción dese lume foi a última evidencia de que o modelo de xestión dos parques provinciais do servizo contra incendios e dos medios de emerxencias necesita unha urxente revisión. Cómpre contar con medios que dean cobertura ás denominadas “zonas de sombra” nas provincias galegas e que dificultan os labores de intervención áxil ante unha emerxencia de calquera clase. Por poñer un exemplo, os tempos de resposta á comarca de Pontevedra dende os parques de Bueu ou Ribadumia son, no mellor dos casos, de case unha hora.

Xa no mes de xaneiro do pasado ano, a Deputación Provincial de Pontevedra trasladaba ao vicepresidente da Xunta de Galicia a necesidade de abordar de xeito inmediato un novo modelo, demandando a modificación do mapa provincial para a implantación dun mapa de emerxencias baseado nas isocronas, que garanta tempos de resposta axeitados ante os incendios e as emerxencias, e contando con novos subparques que melloren as atencións das emerxencias na provincia de Pontevedra. Esta posición foi tamén reforzada por distintos grupos municipais, polo colectivo de profesionais contra incendios de Galicia e polas deputacións de A Coruña e Lugo.

Mentres, como xa nos ten acostumados, o Goberno galego non ten nomeado o seu representante na Comisión Técnica aprobada o 27 de abril de 2017 para a modificación do mapa provincial de emerxencias que implante o modelo de isocronas.

 Grupo Parlamentario

En data 12 de xaneiro, o Goberno respondía a este grupo parlamentario que á Xunta de Galicia lle corresponde a superior coordinación e dirección para garantir unha prestación unitaria nas emerxencias e que xa ten proposto medidas concretas (a debater no seo da Comisión Galega de Protección Civil coas administracións competentes). Entre estas medidas estarían a comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades, a creación de novos servizos para a atención ás emerxencias e a concreción do modelo de xestión dos parques de bombeiros dos consorcios provinciais, ou cambios no financiamento dos GES.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que vai concretar o Goberno galego o Plan de emerxencias?
2. Manexa o Goberno algún informe relativo a custos, necesidade de aumentar recursos humanos, técnicos e materiais?
3. Que modelo de coordinación prevé o Goberno entre os diferentes intervenientes?
4. Que modelo prevé para dar resposta aos territorios que seguen a ter tempos de resposta superiores a 20 minutos?
5. Vai establecer o Goberno a homologación de salarios entre os bombeiros das grandes cidades e os dos consorcios?
6. Dispón o Goberno dalgún informe xurídico sobre normativa lexislativa que obriga ás entidades locais á prestación de servizos que non veñen acompañados de recursos económicos e que poden poñer en perigo a estabilidade orzamentaria?
7. Cantas veces se ten reunido o grupo de traballo autonómico dende o 31 de outubro de 2017 ata o día de hoxe?
8. Está de acordo o Goberno na implantación dun mapa provincial de emerxencias baseado nas isocronas?

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/02/2018 17:11:29

José Antonio Quiroga Díaz na data 26/02/2018 17:11:37

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/02/2018 17:11:42

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/02/2018 17:11:47



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 11:03
Nº Rexistro: 26993
Data envío: 27/02/2018 11:03:17.870

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de que o Goberno galego a reclame a transferencia das competencias das condicións de seguridade das actividades de mergullo para impedir que se dean circunstancias como a prohibición do mergullo en apnea para a extracción do longueirón.

Está a consulta pública o proxecto de Real Decreto polo que se determinarán as novas condicións de seguridade das actividades de mergullo. Unha normativa que pretende refundir unha lexislación dispersa, contraditoria e desactualizada. Nos últimos anos houbo unha gran proliferación de novas modalidades de mergullo, en diferentes ámbitos como o deportivo, recreativo, profesional ou na extracción de recursos mariños, que non contou coa adaptación apropiada, carecendo dunha normativa adecuada ou aplicándolle aquela que é propia do mergullo profesional, creando verdadeiras situacións de indefensión.

Un colectivo, o dos mergulladores que sofre unha gran desregulación profesional, sen un marco laboral estable e transparente, que precisa regular as condicións de seguridade complementariamente coa actividade para que non haxa intrusismo e que non campe a lei da selva. E impedir que haxa posibilidade de aproveitarse da precariedade laboral a costas de xogarse a vida e realizar tarefas sen as mínimas medidas de seguridade esixíbel pola lexislación vixente. Cumprindo unhas



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 11:03
Nº Rexistro: 26993
Data envío: 27/02/2018 11:03:17.870

medidas de seguridade pero tamén con uns dereitos e uns deberes tal e como ocorre con outras actividades profesionais.

Pero tamén no colectivo dos recolectores que desenvolven actividades de extracción de recursos vemos como as competencias estatais afogan os plan específicos aprobados pola Consellaría do Mar, intentando aplicarlles aos recolectores os mesmos estándares de seguridade que ao mergullo profesional.

Evidénciase que esta falla de transferencia das competencias de seguridade por parte do Estado á Xunta de Galiza ten traído consigo innumerábeis queixas, reunións, recursos, etc, dos recolectores evidenciando o descoñecemento da actividade por parte do ministerio competente e a interpretación particular de cada Capitanía Marítima, cando é a propia Xunta de Galiza quen ten regulado a extracción do recurso e polo tanto quen debería ser competente para establecer as medidas oportunas de seguridade en función das características de cada Plan.

Na actual proposta de Real Decreto propónse a prohibición da técnica de mergullo en apnea, cando é a técnica empregada para a recolección do longueirón, pois adáptase adecuadamente á profundidade, menos de 3 metros e as características do recurso (*Ensis siliqua*). Prohibilo é complicarlle, unha vez máis aos recolectores de longueirón a desenvolver a súa actividade con maior gasto, dificultade, e penalidade.

Non se ten en consideración as peculiaridades dos Plans aprobados pola Consellaría do Mar, que inclúe un número determinado de embarcacións e de permisos de explotación, consideracións que se deberían ter en conta ao elaborar as medidas de seguridade e non impoñer medidas individuais esixindo a maiores embarcacións de apoio, persoal necesario ou tempos de inmersión sen ter en conta a realidade da



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 11:03
Nº Rexistro: 26993
Data envío: 27/02/2018 11:03:17.870

actividade ou deixar en mans do Capitán Marítimo pertinente a adecuación dos requisitos esixidos.

Establece o borrador que este colectivo debe observar as previsións que para eles estableza a normativa dos recoñecemento médico obrigatorio de todo o persoal embarcado, expedido polo ISM, pero non avanza nada na esixencia dunha asistencia específica nin dun recoñecemento acorde as súas enfermidades profesionais. Encontrándonos diariamente con casos como" que chegan á Seguridade Social cunha otites, e recéitanlles unhas gotas e mándanos a traballar cuns tapóns sen considerar que traballan a presión". Ou que teñan danada unha costela e que lle dean a alta aos poucos días sen ter en conta que sometidos a presión o que era unha fisura pode converterse en fractura.

Ou a obrigatorialidade de contratar por parte dos mergulladores un seguro privado e persoal polos posibles danos ocasionados, sen saber exactamente as coberturas obrigatorias ou cando menos si as mesmas xa veñen cubertas polo réxime especial ou o seguro de responsabilidade civil obrigatorio da embarcación enrolada.

Nesta normativa establece que será a Dirección Xeral da Mariña Mercante e as Capitanías Marítima os que poderán realizar as inspeccións necesarias desta actividade de alto risco, que reúne unhas normas moi estritas, onde a realidade é que non se poñen os medios necesarios para que se cumpran. A maior parte dos profesionais son autónomos e sometidos a moita competencia desleal no propio sector, non están regulados os prezos, tendo graves consecuencias para o desenvolvemento da actividade.

Por parte da administración non hai control, non se inspecciona, non se vixía que se cumpran as normas ata que hai fallos evidentes que causan graves accidentes. E no caso dos recolletores exíxelle enormes requisitos burocráticos para que logo as



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 11:03
Nº Rexistro: 26993
Data envío: 27/02/2018 11:03:17.870

inspeccións as leve a cabo, subsidiariamente a Xunta de Galicia. Outro tanto podemos dicir das novas competencias do Sasemar, cando as competencias de formación as ten a Consellaría do Mar.

Polo tanto se é a Xunta quen ten os medios, quen está a pé de obra o normal é que teña as competencias, pois a Xunta é quen desenvolve os plans, coñece a realidade, ten capacidade e medios para facerlle seguimento e inspeccionar a aplicación dos criterios regulados.

Estas son as razóns que levan a formular as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1.- O Goberno galego reclamou a transferencia das competencias das condicións de seguridade das actividades de mergullo?

2.- O Goberno galego presentou alegacións ao proxecto de Real Decreto que determina as condicións de seguridade das actividades de mergullo para impedir que se dean circunstancias como a prohibición do mergullo en apnea para a extracción do longueirón?

3.- Que medidas levou a cabo a Consellaría do Mar para solucionar os problemas que veñen denunciando os recolectores en apnea coa aplicación dos actuais plans de seguridade?

4.- Considera razoable que sexan os Capitáns Marítimos os que adecúen os criterios da normativa estatal e que sexa a Xunta o que lle faga seguimento e inspección da aplicación destes criterios?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 11:03
Nº Rexistro: 26993
Data envío: 27/02/2018 11:03:17.870

5.- Non sería máis razoable e eficaz que fose a propia Consellaría do Mar a que regulase toda a actividade?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2018 11:00:10

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2018 11:00:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2018 11:00:17

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2018 11:00:18



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 11:03
Nº Rexistro: 26993
Data envío: 27/02/2018 11:03:17.870

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2018 11:00:20

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2018 11:00:24

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A Vía de Alta Capacidade (VAC) da Costa Norte naceu no ano 2009 cunha vocación clara de vertebrar e mellorar a mobilidade e a competitividade dos veciños e veciñas do litoral do nordeste das provincias da Coruña e Lugo.

Unha infraestrutura de comunicación que está chamada a integrar na rede de altas prestacións do noso país a concellos das comarcas de Ferrol, Eume, Ortegal e a Mariña lucense. É unha infraestrutura que ten como beneficiarios potenciais a máis de 300.000 persoas que, directa ou indirectamente, se verán afectados por este viario. Ademais, non só a mobilidade das persoas vai resultar beneficiada pola obra, senón que a mobilidade de mercadorías de todo o tecido produtivo asentado nestas comarcas e que abrangue ao sector da pesca, da explotación forestal, industria mineira, transportes, téxtil, alimentación, turismo, etc, vaise ver tamén beneficiada pola finalización desta VAC.

A VAC Ferrol – San Cibrao é unha arteria fundamental para o desenvolvemento das comarcas de Ortegal e da Mariña lucense. É prioritario potenciar a dita VAC para poder saír da situación de debilidade económica potenciando o comercio dunhas comarcas abandonadas.

Desde o ano 2009, ano da licitación de dous dos tramos executados, non se volveu facer nada para avanzar nas obras. Non se expropiou nin un só metro máis nin se executou nin un euro máis desde hai 9 anos.

No ano 2016 o Goberno galego adoptou un compromiso en Cariño para executar un cronograma serio e real nuns prazos razoables e recuperando a variante que pasa por Cariño, que estaba introducida no trazado orixinal de 2009.

 Grupo Parlamentario

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a situación actual na que se atopa cada tramo, dos pendentes, da VAC Costa Norte?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Ten a Xunta de Galicia iniciado algún dos trámites de expropiación dos tramos que faltan?

3ª) Que prazo ten previsto o Goberno galego para a expropiación das propiedades afectadas pola construción da VAC?

4ª) Cal é o prazo de finalización de toda a Vía de Alta Capacidade Costa Norte?

5ª) Por que non se levou a cabo o acordo efectuado en Cariño no ano 2016, cales foron os motivos?

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/02/2018 10:52:51

Raúl Fernández Fernández na data 27/02/2018 10:53:16

María Luisa Pierres López na data 27/02/2018 10:53:25

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/02/2018 10:53:32

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Galicia pechou un ano marcado pola estabilización e recuperación dos prezos do leite. Pero, pese a ser a primeira comunidade produtora de todo o Estado, Galicia segue liderando o *ranking* de territorios nos que o prezo da materia prima en orixe é máis baixo.

Só temos que acceder ás táboas do MAPAMA para poder comprobar que so Baleares –que representa menos do 1 % da produción española- queda un pouco por debaixo de Galicia na cotización do ano 2017.

Respecto da media do Estado, o leite cotiza en Galicia 2,23 céntimos por baixo. Aquí a materia prima págase agora no campo a 0,32 euros por litro. Xeralmente, adoita darse unha explicación centrada no carácter periférico da comunidade, non obstante a realidade é unha falta total de xestión, xa que tanto en Castela e León, como en Asturias o prezo medio do leite é maior que o galego.

Polo tanto, que as industrias atribúan ao factor xeográfico este diferencial negativo de que hai que transportar o leite ata os centros industriais empacadores moi lonxe de Galicia, non é aplicable no caso de variacións tan grandes nos prezos.

Resulta evidente que o prezo do leite en Galicia é menor ca no resto de España, e por suposto ca no resto de Europa, situación que se repite ano tras ano.

Grupo Parlamentario

Como xa temos dito noutras ocasións, Galicia segue sen ver repercutida a subida dos prezos de produtos de industria como a manteiga no que se lle paga aos produtores lácteos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A subida máis alta do prezo medio do leite en Galicia en comparación cás outras comunidades autónomas de pouco vale se segue sendo a peor pagada do resto do Estado, só por diante das illas Baleares. Ademais se sumamos o gran peche de explotacións anuais, estamos ante un problema de grandísimas dimensións. Nada novo.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as razóns que explican este diferencial, que castiga os gandeiros e gandeiras de Galicia?

2ª) Que esta a facer a Consellería do Medio Rural para equilibrar a fenda de prezos do leite entre comunidades e mellorar a situación dos gandeiros e gandeiras de Galicia?

3ª) Que pensa facer o Goberno galego para frear o peche das explotacións e reverter a situación?

4ª) Por que a Xunta de Galicia non convocou o grupo de traballo do sector lácteo para tratar de atopar posibles solucións á problemática actual?

5ª) Que está a facer o Executivo galego para que a subida dos prezos dos produtos industriais cheguen aos gandeiros e gandeiras?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:



 [Grupo Parlamentario](#)

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/02/2018 11:17:49

José Antonio Quiroga Díaz na data 27/02/2018 11:17:59

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 2.^a**

O prezo da vivenda leva tempo disparado, con subidas de ata 500 euros nos alugueres, o que dificulta enormemente que a cidadanía poida satisfacer o seu dereito a unha vida digna e estable. Isto non parece preocuparlle moito ao Partido Popular, cuxo Plan de Vivenda 2018-2021, anunciado en maio polo Ministerio de Fomento, continúa sen concretarse en nada.

O pasado mes de novembro, o Ministro de Fomento, Íñigo de la Serna volveu sobre o tema e asegurou que o 1 de xaneiro de 2018 España contaría cun Plan Estatal de Vivenda. Porén, marzo asoma á volta da esquina e aínda non sabemos nada del, a pesar de que o seu borrador leva circulando dende fai oito meses.

Así, España leva sen Plan de Vivenda dende o 31 de decembro, o cal deixa desamparadas a centos de miles de familias. O último Plan –o 2013-2016, prorrogado o ano pasado– beneficiou a 100.000 familias, segunda datos do propio Ministerio de Fomento. A cifra de beneficiarios futuros será previsiblemente maior porque a actual situación de necesidade empeora cada día.

Á demora na aprobación do Plan polo Consello de Ministros temos que sumar ademais o tempo que leve convocar unha conferencia sectorial sobre o tema e a subscripción dos convenios por cada unha das comunidades autónomas; comunidades autónomas que tamén terán que coordinarse para xestionar ditas



axudas. Deste modo, a execución definitiva do Plan podería levar varios meses máis de traballo e non producirse ata o verán.

Ademais da data de aprobación do Plan, descoñécese tamén que cantidade de diñeiro dos Orzamentos Xerais do Estado serán destinados a el. Por desgraza, temos boas razóns para prever que, novamente se producirán recortes, na liña do sucedido nos últimos anos. No 2017, o orzamento destinado a políticas de vivenda foi de 467 millóns de euros, un 20% menos que no ano 2016, que contou con 578 para este propósito. Nada parece indicar que o PP vaia mudar o rumbo.

Non fai falla subliñar que a parálise do Goberno central agrava as dificultades que afrontan moitas familias galegas para acceder á vivenda e que a Xunta tería que tomar medidas para contrarrestala.

Por todo o exposto os deputados asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Como afecta ás políticas de vivenda de Galiza a demora do Plan de Vivenda?
- Que vai facer a Xunta para paliar os seus efectos perxudiciais?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/02/2018 12:09:44

Marcos Cal Ogando na data 27/02/2018 12:09:53

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputada e deputados pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 2.ª**,

O pasado mes de setembro, veciñanza de Chantada protestou polo recorte de frecuencias do transporte colectivo de viaxeiros, pois eliminouse a liña Chantada-Santiago de Compostela dos domingos ás 20:45h, quedando só nos domingos pola tarde a ruta que sae ás 19:05 h.

Nunha resposta a En Marea sobre a redución de frecuencias de transporte colectivo no sur de Lugo, a Xunta sinalou, a respecto do Plan de Transporte, “nun proceso de planificación da complexidade do que se levou a cabo por parte da Xunta de Galicia resulta preciso manter unha liña activa de adaptación ás demandas das persoas usuarias, especialmente na fase de implantación, o que xa foi previsto pola Administración nos pregos e se está realizando actualmente.”

Tamén sinalou a Xunta que “desde as Xefaturas Territoriais da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, conxuntamente cos concellos interesados e coas empresas adxudicatarias, estase a realizar a supervisión do proceso de implantación, promovendo a introdución daquelas adaptacións que resultan convenientes para unha mellor adecuación do servizo público de transporte ás demandas e necesidades das persoas usuarias.”

O domingo 25 de febreiro, no autobús regular a Santiago que sae de Chantada ás 19:05, quedaron persoas en Chantada sen poder subir no bus por falta de espazo, tendo que a empresa mandar outro bus, nunha solución improvisada.

O feito de eliminar liñas orixina estas situacións e a Xunta semella que non ten alternativas.

Polo exposto, a deputada e os deputados que subscriben formulan a seguinte Pregunta á Xunta:

- Que vai facer a Xunta para garantir unha comunicación estable en transporte colectivo entre Chantada e Santiago?
- Que medidas concretas vai acometer a Xunta para mellorar a comunicación de Chantada con Santiago por transporte colectivo os domingos?
- Coñece a Xunta que plan ten a empresa concesionaria para atallar as situacións de “exceso” de pasaxeiros e pasaxeiras?
- Que vai facer a Xunta para adaptarse ás demandas das persoas usuarias de Chantada?
- Que adaptacións vai acometer a Xunta nas liñas de transporte colectivo que afectan ao Concello de Chantada para adecuar o servizo ás necesidades das persoas usuarias?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira



Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/02/2018 12:34:43

Luis Villares Naveira na data 27/02/2018 12:34:50

Marcos Cal Ogando na data 27/02/2018 12:34:56

Antón Sánchez García na data 27/02/2018 12:35:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 12:42
Nº Rexistro: 27015
Data envío: 27/02/2018 12:42:04.289

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

1. O Pazo de Meirás representa como ningún outro espazo o enriquecemento da familia Franco como consecuencia do expolio, o roubo, a extorsión e a rapina exercida durante décadas por unha Ditadura cruel e sanguinaria.

Do estudo da documentación sobre o proceso de apropiación das Torres ou Pazo de Meirás dedúcese que se trata dunha “DOAZÓN SIMULADA” á Xefatura do Estado para o exercicio das funcións propias do cargo. Está suficientemente demostrado que este ben foi adquirido nun contexto de falta de liberdade, de coaccións e de terror, destinando a tal fin recursos públicos achegados por diversas administracións. Está tamén acreditado o uso continuado do espazo para acoller reunións do consello de ministros e audiencias oficiais.

2. Máis alá da operación inicial de entrega das Torres, construcións anexas e predio de 5 hectáreas, ao longo dos anos seguintes as administracións públicas destinaron grandes cantidades de recursos á adquisición de propiedades colindantes e á realización de obras de ampliación, reforma e mellora do Pazo e doutros edificios. En paralelo, está constatada a apropiación por parte da familia Franco doutras propiedades e de bens culturais e artísticos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 12:42
Nº Rexistro: 27015
Data envío: 27/02/2018 12:42:04.289

Mesmo empregando a lóxica e a pseudolexitimidade da Ditadura franquista, está sobradamente demostrado e acreditado que todos estes bens foron financiados e adquiridos con diñeiro, medios e decisións das administracións públicas, polo que deberían formar parte do patrimonio público e non da familia do Ditador.

3. Logo de 40 anos de Ditadura e outros 40 dun rexime que se di democrático, a realidade é que a familia Franco segue gozando de numerosos bens, títulos e privilexios. Entre eles destaca polo seu simbolismo o Pazo ou Torres de Meirás, declarado Ben de Interese Cultural polo goberno da Xunta no ano 2008. Esta anomalía histórica, impensábel en calquera rexime democrático europeo, aínda é máis ofensiva polo feito de que este espazo está a ser utilizado pola familia e pola Fundación que leva o nome do Ditador para facer apoloxía da Ditadura, do xenocidio e da figura de Francisco Franco.

4. Recentemente anunciouse por parte da familia Franco a intención de vender o Pazo de Meirás , unha decisión que ten como finalidade eludir a demanda social e institucional maioritaria para que este BIC pase ao patriomonio público e poida dedicarse ao estudo da historia contemporánea de Galiza, a divulgación da represión franquista e da loita contra a Ditadura, e a honrar a memoria das vítimas do fascismo.

Das informacións coñecidas até o momento dedúcese que a familia Franco segue a incumprir coas obrigas establecidas na Lei de patrimonio cultural de Galiza, que determina no seu artigo 49 o seguinte:

Artigo 49. Dereitos de tanteo e retracto

1. Calquera pretensión de transmisión onerosa da propiedade ou de calquera dereito real de desfrute dos bens de interese cultural deberalle ser notificada, de forma que faga fe, á consellaría competente en materia de patrimonio cultural con indicación do prezo e das condicións en que se propoña realizar aquela. En todo caso, na



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 12:42
Nº Rexistro: 27015
Data envío: 27/02/2018 12:42:04.289

comunicación da transmisión deberá acreditarse tamén a identidade da persoa adquirente.

5. A Xunta de Galiza promoveu no ano 2008 a declaración do conxunto das Torres ou Pazo de Meirás como Ben de Interese Cultural, coa categoría de sitio histórico, atendendo ao significado e simbolismo deste espazo como lugar de cultura e como escenario dunha páxina negra da historia de Galiza, marcada polo terror, a devastación e a persecución política dirixida polo Ditador Francisco Franco. En consonancia coa declaración de BIC e tendo en conta a intención da familia Franco de volver facer negocio coa venda dun ben que foi resultado dun xigantesco latrocinio, a Xunta de Galiza ten a obriga de emprender as accións legais necesarias para acabar coa impunidade e o enriquecemento a conta dos bens públicos da que segue gozando a familia do Didator.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que iniciativas desenvolveu a Xunta de Galiza a respecto da devolución ao patrimonio público do Pazo de Meirás e doutros bens públicos dos que se apropiou a familia Franco?

2. Ten previsto o goberno galego demandar ao goberno do Estado modificacións lexislativas para conseguir a devolución ao patrimonio público do Pazo de Meirás e doutros bens dos que se apropiou a familia Franco?

3. Ten previsto o goberno galego iniciar accións legais para conseguir a devolución ao patrimonio público do Pazo de Meirás e doutros bens dos que se apropiou a familia Franco?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 12:42
Nº Rexistro: 27015
Data envío: 27/02/2018 12:42:04.289

4. De que información dispón a Xunta de Galiza a respecto da intención da familia Franco de vender o Pazo de Meirás?

5. Ten previsto o goberno galego abrir un expediente informativo a respecto desta operación de venda e do cumprimento do artigo 49.1 da lei de patrimonio cultural de Galiza?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2018 12:39:32

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2018 12:39:37



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2018 12:42
Nº Rexistro: 27015
Data envío: 27/02/2018 12:42:04.289

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2018 12:39:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2018 12:39:40

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2018 12:39:41

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2018 12:39:43

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

Mondoñedo conta cunha residencia privada da terceira idade.

Dito asilo, rexentado pola “Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla la Mancha y Galicia”, estaba incluído no Plan de inspección de Servizos Sociais de Galicia do ano 2015 como un dos centros de maiores en funcionamento sen autorización, pendentes de regularizar. A data de 17/01/2018 este centro aínda non figura no RUEPSS, do que foi cancelada a inscrición en 2013.

En febreiro de 2018, a empresa Canguro Express asinou un acordo de colaboración coa residencia da terceira idade de Mondoñedo para prestar servizos de persoal coidador por horas e en días soltos, cun prezo por hora de entre 6 e 8 euros, aínda que oficialmente conta con 11 persoas de Atención Directa no cadro de persoal.

O Concello de Mondoñedo contaba en 2016 con 1.323 persoas maiores de 65 anos, o 35,5% da poboación, e cunha taxa de envellecemento de 317,16 (DATOS: IGE), cunha tendencia regresiva.



Mondoñedo non conta con prazas públicas de residencia nin de centro de día para persoas maiores.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben, do Grupo Parlamentario de En Marea, formulan a seguinte Preguntan á Xunta, para a súa resposta oral na Comisión 5.^a:

- Non considera a Xunta que a súa política de falta de aposta polas residencias públicas da terceira idade fomentan a precarización do emprego?
- Que opinión ten a Xunta do modelo de contratación de persoal coidador en residencias da terceira idade a través dunha empresa externa, Kanguro Express, en lugar de reforzar o cadro de persoal?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/02/2018 13:14:05



Luis Villares Naveira na data 27/02/2018 13:14:12

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

Foz conta cunha residencia da Terceira Idade privada, a Residencia de Maiores Santísima Virgen del Carmen, con 33 prazas autorizadas.

No ano 2013 iniciouse o proxecto de construción dunha nova residencia en Foz, por parte da Xunta de Galicia, rematando o edificio en 2015.

En 2016, o Goberno da Xunta anunciou que a nova residencia de Foz abriría ese ano, pero a inicios de 2018 aínda permanece pechada, pretendendo o Concello non sacar a concurso público o contrato de concesión de servizos para a xestión da residencia e centro de día.

As 33 persoas usuarias desta residencia serán, previsiblemente, trasladadas ao edificio da nova residencia que, construída polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, foi cedida ao Concello de Foz.

En febreiro de 2018, a empresa Canguro Express asinou un acordo de colaboración coa residencia da terceira idade de Foz para prestar servizos de persoal coidador por horas e en días soltos, cun prezo por hora de entre 6 e 8 euros, aínda que oficialmente conta con 11 persoas de Atención Directa no cadro de persoal.

Foz é un Concello de 9.931 habitantes, dos cales 2.412 superan os 65 anos.

Foz non conta con prazas públicas de residencia nin de centro de día para persoas maiores.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben, do Grupo Parlamentario de En Marea, formulan a seguinte Preguntan á Xunta, para a súa resposta oral na Comisión 5.^a:

- Non considera a Xunta que a demora do Concello de Foz en sacar a concurso a concesión do servizo da nova residencia está xerando un grave prexuízo á cidadanía de Foz e ás persoas maiores usuarias da Residencia de Maiores Santísima Virgen del Carmen?
- Que vai facer a Xunta para garantir a posta en marcha da nova residencia de maiores de Foz?
- Non considera a Xunta que a súa política de falta de aposta polas residencias públicas da terceira idade fomentan a precarización do emprego?
- Que opinión ten a Xunta do modelo de contratación de persoal coidador en residencias da terceira idade a través dunha empresa externa, Kanguro Express, en lugar de reforzar o cadro de persoal?
- Que documentación ten a Xunta do Concello de Foz relativa á nova residencia?
- Cantas prazas de residencia e de Centro de Día terá finalmente a nova residencia de Foz?



- Vai a Xunta esixir ao Concello de Foz explicacións por non ter aberto a inicios de 2018 unha residencia financiada pola Xunta e con fondos europeos, rematada en 2016?
- Vai esixir a Xunta ao Concello de Foz a inmediata posta en marcha dun concurso público para o contrato de concesión de servizos da xestión da residencia e centro de día?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/02/2018 13:27:23

Luis Villares Naveira na data 27/02/2018 13:27:31

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Tal como manifestabamos hai moi pouco, a lóxica e o sentido común indicaba que os herdeiros de Franco quixerían poñer en venda o Pazo de Meirás e monetarizar o botín de guerra do ditador. En cambio o conselleiro de Cultura dicía que as noticias dadas sobre a venda podían ser un globo sonda dos Franco e que ninguén da familia comunicara a vontade de vender Meirás. Isto o dixo o 20 de febreiro, tres días despois coñecemos que Meirás atópase á venda nunha inmobiliaria de Santander que o presenta como un inmovible singular, non di nada sobre que o pazo é un BIC e por riba se promociona cun vídeo que inclúe fragmentos do NO-DO coa vida de Franco no pazo.

Todo isto é absolutamente inaceptable. Entendemos que os herdeiros de Franco non comunicaron á Consellería de Cultura a súa intención de vender o pazo o que é un novo insulto da familia do ditador ao pobo galego incumprindo de novo a Lei de patrimonio cultural e facendo ver que son invulnerables.

Cremos que isto non pode ser consentido pola Xunta de Galicia. A Consellería de Cultura debe abrir de inmediato un expediente sancionador á familia Franco, manifestar publicamente a repulsa desta actitude e poñer xa en marcha unha estratexia para parar esta venda e conseguir que o Pazo sexa de dominio público sen que isto supoña ningún pago á familia, tal como acordaron todas as forza políticas no Parlamento de Galicia.

Non é aceptable a actitude pasiva da Xunta de Galicia ante as continuas provocacións da familia Franco e debe xa reaccionar con toda a forza que lle da a democracia e a defensa dos dereitos dos galegos e galegas.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comunicoulle a familia Franco a intención de poñer á venda o Pazo de Meirás?
2. Se non o comunicaron, como valora que os Franco poñan á venda Meirás?
3. Que pensa facer a Xunta de Galicia ante esta actitude da familia Franco? Vai abrir un expediente sancionador por no ter cumprido a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia?
4. Ten algunha estratexia a Xunta de Galicia para impedir que Meirás sexa vendido e os herdeiros consigan monetarizar un botín de guerra e conseguir que pase a ser de dominio público?
5. Mantivo algunha reunión nos últimos días a Xunta de Galicia cos membros da Comisión de expertos creada para buscar a forma de que o Pazo pase a ser de dominio público?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/02/2018 13:44:42

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/02/2018 13:45:04



 **Grupo Parlamentario**

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/02/2018 13:44:52

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga, Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

A política de recursos humanos da Xunta de Galicia no que corresponde ao eido sanitario é un lastre para o correcto funcionamento do sistema. Os problemas asociados á eventualidade e precarización do emprego sanitario provocan problemas de calidade asistencial, polos constantes cambios e imprevisibilidade do sistema, ademais dos riscos asociados ao estrés, inseguridade laboral e capacidade de adaptación do funcionamento dos servizos con persoal con altísima taxa de rotación.

Por outra banda, a falta de persoal contribúe de maneira decisiva a elevar as listas de espera, e provocar saturacións constantes nos servizos, como se pode comprobar nos espazos de urxencias hospitalarias, na atención primaria e na dificultade para alixeirar as listas de espera en operacións. Na realidade actual, diversos colectivos profesionais e sindicais apuntan á existencia dun elevado número de prazas de persoa presupostadas pero non ocupadas por persoal estatutario no Servizo Galego de Saúde.

A Xunta de Galicia, ante as numerosas preguntas e iniciativas parlamentarias iniciadas polo Grupo Socialista, argumenta habitualmente que existe un déficit de especialistas que impide repoñer ou ocupar postos de profesionais sanitarios, o que explica as situacións antes descritas.

Neste contexto a Universidade de Santiago de Compostela, a única que imparte a titulación universitaria de Medicina no Sistema universitario de Galicia, vén de anunciar a redución de número de admitidos por ano na Facultade de Medicina, que pasará de 360 prazas a 342 anuais para o vindeiro curso universitario 2018/2019.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da redución de prazas de acceso á titulación de Medicina na Universidade de Santiago de Compostela?
2. Considera a Xunta de Galicia acertada a redución de prazas de Medicina na USC?
3. Tivo coñecemento a Xunta de Galicia da medida de redución de prazas de acceso á titulación de Medicina na USC para o vindeiro curso? Que opinión transmitiu a Xunta de Galicia á USC acerca desta medida?
4. Considera a Xunta de Galicia necesario encamiñar a titulación universitaria en Medicina á redución de prazas de acceso anuais?
5. Cantas prazas anuais de acceso á titulación de Medicina considera a Xunta de Galicia que serían óptimas dende o punto de vista das necesidades laborais e asistenciais existentes?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Xoaquín Fernández Leiceaga
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

 **Grupo Parlamentario**

Julio Torrado Quintela na data 27/02/2018 17:23:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/02/2018 17:23:18

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/02/2018 17:23:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/02/2018 17:23:28

Noela Blanco Rodríguez na data 27/02/2018 17:23:37

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga, Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A política de recursos humanos da Xunta de Galicia no que corresponde ao eido sanitario é un lastre para o correcto funcionamento do sistema. Os problemas asociados á eventualidade e precarización do emprego sanitario provocan problemas de calidade asistencial, polos constantes cambios e imprevisibilidade do sistema, ademais dos riscos asociados ao estrés, inseguridade laboral e capacidade de adaptación do funcionamento dos servizos con persoal con altísima taxa de rotación.

Por outra banda, a falta de persoal contribúe de maneira decisiva a elevar as listas de espera, e provocar saturacións constantes nos servizos, como se pode comprobar nos espazos de urxencias hospitalarias, na atención primaria e na dificultade para alixeirar as listas de espera en operacións. Na realidade actual, diversos colectivos profesionais e sindicais apuntan á existencia dun elevado número de prazas de persoa presupostadas pero non ocupadas por persoal estatutario no Servizo Galego de Saúde.

A Xunta de Galicia, ante as numerosas preguntas e iniciativas parlamentarias iniciadas polo Grupo Socialista, argumenta habitualmente que existe un déficit de especialistas que impide repoñer ou ocupar postos de profesionais sanitarios, o que explica as situacións antes descritas.

Neste contexto a Universidade de Santiago de Compostela, a única que imparte a titulación universitaria de Medicina no Sistema universitario de Galicia, vén de anunciar a redución de número de admitidos por ano na Facultade de Medicina, que pasará de 360 prazas a 342 anuais para o vindeiro curso universitario 2018/2019.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da redución de prazas de acceso á titulación de Medicina na Universidade de Santiago de Compostela?
2. Considera a Xunta de Galicia acertada a redución de prazas de Medicina na USC?
3. Tivo coñecemento a Xunta de Galicia da medida de redución de prazas de acceso á titulación de Medicina na USC para o vindeiro curso? Que opinión transmitiu a Xunta de Galicia á USC acerca desta medida?
4. Considera a Xunta de Galicia necesario encamiñar a titulación universitaria en Medicina á redución de prazas de acceso anuais?
5. Cantas prazas anuais de acceso á titulación de Medicina considera a Xunta de Galicia que serían óptimas dende o punto de vista das necesidades laborais e asistenciais existentes?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Xoaquín Fernández Leiceaga
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

 [Grupo Parlamentario](#)

Julio Torrado Quintela na data 27/02/2018 17:22:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/02/2018 17:22:44

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/02/2018 17:22:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/02/2018 17:22:55

Noela Blanco Rodríguez na data 27/02/2018 17:23:02

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O proxecto de Real decreto polo que se determinan as condicións de seguridade do mergullo en augas marítimas españolas, do Ministerio de Fomento, Secretaría Xeral de Transportes, Dirección Xeral da Mariña Mercante, con data 1 de febreiro de 2018, indica no seu artigo 17 apartado c) o seguinte:

“c) Queda prohibida a práctica do mergullo libre ou en apnea para as modalidades de mergullo profesional e de mergullo extractivo.”

Este proxecto está a causar certa preocupación en todo o sector dedicado ao mergullo extractivo, especialmente na Costa da Morte, xa que de saír adiante implicaría a imposibilidade de extraer longueirón do xeito que se vén realizando tradicionalmente.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego do malestar xerado no sector extractivo do longueirón dado as implicacións que tería para a súa extracción de xeito tradicional de saír adiante o Real decreto da Dirección Xeral da Mariña Mercante, Secretaría Xeral de Transportes do Ministerio de Fomento?

2ª) Realizou o Goberno galego algún tipo de xestión co Goberno central para que se teña en consideración neste proxecto de Real decreto a singularidade da costa galega e en especial da Costa da Morte?

3ª) Realizou o Goberno galego algún tipo de contacto coas confrarías afectadas, especialmente coa de Fisterra?

 Grupo Parlamentario

4ª) Vai o Goberno galego realizar algún tipo de alegación a este real decreto, en que prazos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 27/02/2018 17:46:20

Julio Torrado Quintela na data 27/02/2018 17:46:34



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 10:33
Nº Rexistro: 27051
Data envío: 28/02/2018 10:33:34.466

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

No pleno municipal do Concello de Dodro de decembro de 2016, o PP aprobou en solitario o traslado dun polígono industrial do actual PXOM que tiña unha superficie de 29 Has. ó lugar de Cancela Abrea, no polígono 27 de concentración parcelaria de montes, en proceso de realización nas parroquias de Dodro e Laíño. Este polígono 27 conta cunha superficie de 14 Has.

Con anterioridade ao pleno municipal de 5 de outubro de 2017, o BNG foi o primeiro en preguntar pola permuta do polígono industrial actual sen que o PP establecera diálogo e polo tanto respostas satisfactorias á veciñanza. O PP aprobou en solitario o traslado do polígono industrial do 1º e actual PXOM de Dodro froito do traballo de BNG e PSOE.

O actual PXOM foi aprobado definitivamente o 27 de decembro de 2010 polo que non ten nin 10 anos de vixencia, cun solo industrial de 29 Has. que agora o PP quere permutar por outro máis pequeno, con múltiples afectacións no lugar de Cancela Abrea, no polígono 27 de Concentración Parcelaria de Montes, en proceso de realización nas parroquias de Stª Mª de Dodro e San Xulián de Laíño. Esta proposta do PP no polígono 27 conta cunha superficie de 14 Has.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 10:33
Nº Rexistro: 27051
Data envío: 28/02/2018 10:33:34.466

Ata o 2 de xaneiro de 2018 recolléronse 349 alegacións a ese cambio de polígono do 1º PXOM nunha ubicación que provoca o rexeitamento do 75% dos propietarios, BNG, PSOE, Unidade Veciñal e da Xunta Local da Concentración Parcelaria. Tal e como recollen as alegacións, non se entende que o PP cambie unilateralmente sen comunicar previamente á veciñanza implicada un solo industrial ben deseñado no PXOM que non contou con ningunha oposición veciñal nin co voto en contra do PP por outro chan: máis pequeno, encaixado e con cruces nas vías de comunicación dunha estrada AC-305 Ribeira-Padrón, a AG-11 ou autovía da Barbanza, rodeado dos núcleos de poboación de Revixós, Cancela Abrea, A Tribisqueira, Lestrove, atravesado pola condución do gasoduto, preto da REDE NATURA 2000 concretamente ZEC Ulla-Deza.

Nunha reunión celebrada no Concello entre veciños, alcalde de Dodro e representantes da Concentración Parcelaria, os voceiros dos veciños volveron mostrar o rexeitamento dos propietarios ó cambio feito polo Concello que modifica e interfere gravemente no proceso de concentración ó facer desaparece-lo polígono 27 cando xa estaban sentadas as bases definitivas prexudicando gravemente os intereses dos propietarios ó quedaren excluídos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión 7ª:

-Pode un alcalde, estando en pleno proceso de concentración parcelaria suspender-la mesma nun polígono sen contar co consentimento dos propietarios das fincas?

-Como e canto vai atrasar a concentración parcelaria?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 10:33
Nº Rexistro: 27051
Data envío: 28/02/2018 10:33:34.466

-Con que finalidade quere modifica-lo PXOM con menos de 10 anos de antigüidade?

-Que garantías legais e administrativas ten a proposta en solitario do PP deste cambio ante un planeamento urbanístico recente non desenvolto con vistas ao futuro e ante as afectacións de vías de comunicación, núcleos de poboación, gasoduto e nas inmediacións de zonas sensibles e protexidas?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/02/2018 10:30:33

María Montserrat Prado Cores na data 28/02/2018 10:30:42



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 10:33
Nº Rexistro: 27051
Data envío: 28/02/2018 10:33:34.466

Ana Pontón Mondelo na data 28/02/2018 10:30:43

Olalla Rodil Fernández na data 28/02/2018 10:30:45

Noa Presas Bergantiños na data 28/02/2018 10:30:47

Xosé Luis Bará Torres na data 28/02/2018 10:30:49



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 12:46
Nº Rexistro: 27065
Data envío: 28/02/2018 12:46:40.393

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

O grave e progresivo envellecemento do territorio rural de Galicia e o despoboamento e abandono progresivo e desmedido da actividade agrogandeira fan que os problemas estruturais e de xestión deste territorio se agraven e presenten un grande reto para o futuro da sociedade galega en xeral.

Unha das moitas respostas a este reto está en volverlle o protagonismo a un actor esencial no pasado do noso pobo: a castaña e o castiñeiro.

A demanda crecente debido á escaseza deste froito para abastece-lo mercado interior e internacional, xunto coas idóneas condicións climatolóxicas, edáficas e culturais que ofrece este noso País fan que teñamos na castaña unha alternativa viable e con futuro, unha esperanza a curto prazo no camiño dunha imprescindible recuperación do rural no poboamento e xestión do territorio.

Expertos de prestixio aseguran que o rendemento anual dunha hectárea de castiñeiro adicado a froito anda entre os 7.000 e os 11.000 euros por Ha. e ano, tendo logo un valor engadido moi superior no procesado e transformación do produto.

A demanda deste froito a nivel estatal e para a exportación medra ano a ano acadando prezos que fan altamente rentable o seu cultivo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 12:46
Nº Rexistro: 27065
Data envío: 28/02/2018 12:46:40.393

Ás vantaxes económicas deste cultivo debemos sumar o papel que podería xogar coma factor de discontinuidade nas masas forestais e de matogueira actuando coma franxa de seguridade e coma ralentizador nos lumes, principalmente cando as condicións son críticas.

Por outra banda as condicións de investigación, identificación de variedades de froito, clons híbridos resistentes á tinta, recuperación de soutos centenarios e basicamente a calidade dos froitos e a súa consideración internacional, afianzan as posibilidades estruturais presentes e máis futuras dun sector forte e dinámico con peso propio.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-É consciente o Goberno Galego da importancia do cultivo e procesado da castaña e do papel que poden xogar para recuperar dinamismo económico e fixación de poboación no rural?

-Ten previsto o Goberno Galego algunha medida que aborde de xeito apreciable a expansión do cultivo da castaña?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 12:46
Nº Rexistro: 27065
Data envío: 28/02/2018 12:46:40.393

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/02/2018 12:40:52

María Montserrat Prado Cores na data 28/02/2018 12:40:58

Ana Pontón Mondelo na data 28/02/2018 12:41:00

Olalla Rodil Fernández na data 28/02/2018 12:41:01

Noa Presas Bergantiños na data 28/02/2018 12:41:02

Xosé Luis Bará Torres na data 28/02/2018 12:41:04

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A liña ferroviaria que percorre o eixo atlántico de Galicia supón un dos elementos de vertebración máis importantes do noso territorio. O labor de conexión entre contornos urbanos que xera a conexión Ferrol – Coruña – Santiago – Vilagarcía – Pontevedra – Vigo supón un elemento de conectividade de alto valor produtivo a efectos económicos e sociais.

Esta liña facilita a conexión rápida, segura e sustentable no eixo atlántico urbano, que a súa vez xera polos de referencia para as zonas periurbanas, contribuíndo á rede de transporte público de maneira decisiva. A utilización do tren por persoas que se moven no día a día de maneira cotiá para traballar e/ou facer as xestións oportunas, diariamente, dunha cidade a outra, xera unha actividade en torno ao tren semellante a que pode ser comprobado en moitos contornos urbanos de España, coas liñas de proximidade e cercanías.

Nos recentes anos, a suba de tarifas dos traxectos de ferrocarril produce un efecto taponador ou desalentador do seu maior uso. Este problema vén dado pola consideración de traxecto de media distancia na liña referida, cando a realidade resulta que o seu uso fundamental está sendo diario e por motivos laborais ou de estudos para un número crecente de persoas. Estas características reflicten as condicións baixo as que outras liñas semellantes, en torno a agrupacións urbanas de toda España, teñen a cualificación de “*cercanías*”.

Esta consideración redundaría nunha maior frecuencia de trens, permitindo unha maior adaptabilidade aos horarios laborais, de estudos e de actividade produtiva, así como a redución de tarifas que

 Grupo Parlamentario

contribuiría a un maior uso, o que deriva en menor utilización de outros transportes máis contaminantes como o vehículo particular.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora a Xunta de Galicia a posibilidade de solicitar ao Goberno de España a modificación da cualificación de Media Distancia por “Cercanías” para a liña atlántica galega de ferrocarril?
2. Ten prevista a Xunta de Galicia algunha acción neste sentido no futuro? Cando?
3. Cree a Xunta de Galicia que a liña ferroviaria atlántica galega sería máis utilizada de ter máis e mellores horarios e reducir as tarifas?
4. Considera a Xunta de Galicia que a transformación en tren de proximidade contribuiría a esas melloras?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/02/2018 12:34:38

Raúl Fernández Fernández na data 28/02/2018 12:34:44

María Luisa Pierres López na data 28/02/2018 12:34:50

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/02/2018 12:34:55

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Hai unha sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Pontevedra (ratificada polo TSXG) que está pendente de execución. Esta sentenza dixeran no seu día que a adxudicación que a Xerencia fixera no ano 2102 da Xefatura de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra (CHOP) fora parcial, polo que ten que ser anulada, se retrotraer as actuacións ata a designación dunha nova comisión de avaliación e repetir o proceso de adxudicación da praza da xefatura respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade.

É dicir, que o nomeamento do actual xefe do Servizo de Psiquiatría do CHOP é nulo. Todo isto no ámbito do escándalo que está a acontecer co baleiro do Servizo de Oftalmoloxía tamén no CHOP.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando vai ordenar o Goberno galego a execución da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Pontevedra que dixo que a adxudicación da Xerencia da xefatura de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra en 2012 fora parcial?
2. Sabe o Goberno galego como vai executar a Xerencia do CHOP a sentenza?
3. Coñece o Goberno galego os motivos polos que o actual xerente mantén as mesmas actitude e posición que o anterior que foi destituído?
4. Comparte o Goberno galego a non execución das sentenzas firmes?

 Grupo Parlamentario

5. Entende o Goberno galego que o nomeamento do actual xefe do Servizo de Psiquiatría do CHOP é nulo?

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/02/2018 12:39:57

María Luisa Pierres López na data 28/02/2018 12:40:03

Julio Torrado Quintela na data 28/02/2018 12:40:07

Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2018 12:40:11



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 13:06
Nº Rexistro: 27083
Data envío: 28/02/2018 13:06:46.868

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á posta en marcha dunha estratexia galega de atención as persoas con dano cerebral adquirido.

O dano cerebral adquirido é a lesión que se produce no cerebro de forma súbita como consecuencia dun accidente ou enfermidade. As principais causas son o ictus (78% dos casos), os traumatismos cranioencefálicos e outras causas como os tumores cerebrais, a falta de osíxeno no cerebro, etc. O 65% das persoas con DCA teñen máis de 65 anos. Hai anos eran os traumatismos cranioencefálicos resultados de accidentes. Hoxe é a primeira causa de discapacidade e dependencia en persoas adultas, segundo un estudo que realizou FEDACE (Federación Española de Dano Cerebral).

En Galiza son máis de 35.000 as persoas afectadas e aumentan en case 7.000 novos casos cada ano.

Estímase que até nun 89% dos casos de dano cerebral producen secuelas que provocan dependencia. Aínda que se dan problemas físicos, algúns severos, a maior parte das secuelas teñen que ver con problemas de memoria, problemas de comunicación, alteracións da conduta, alteracións emocionais, estados prolongados de coma etc. Son secuelas invisíbeis, que non se perciben a primeira vista e que, a ollos de quen non coñece o DCA, resultan difíceis de entender.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 13:06
Nº Rexistro: 27083
Data envío: 28/02/2018 13:06:46.868

Aínda non existe un recoñecemento pleno do DCA no ámbito científico, sanitario, administrativo ou xurídico, co que, algo tan real como son as secuelas (físicas, sensitivas e sensoriais, cognitivas, comunicativas etc) derivadas dunha lesión no cerebro, non teñen entidade administrativa e sanitaria propia. Sanitariamente, por exemplo, se parcializa o DCA en función das súas causas (ictus, traumatismo...) obviando as secuelas. Esta situación ten graves consecuencias prácticas, que van desde a clasificación do DCA como deficiencia física esquecendo outras secuelas, e polo tanto non accedendo a recursos de rehabilitación específico, o non recoñecemento da súa cronicidade como enfermidade, a inexistencia dun código DCA á alta hospitalaria ou a clasificación exclusivamente como discapacidade física no SAAD, Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia e no de servizos sociais.

Esta situación provoca moitas veces a falta dunha atención axeitada en tempo e forma para minorar as secuelas, problemas para o recoñecemento de prestacións, de apoios para a normalización das relacións familiares, sociais e laborais etc.

No tratamento do DCA o tempo de resposta á hora de comezar coa rehabilitación é fundamental para reducir as secuelas. As listas de espera para iniciar a terapia nalgúñas especialidades supoñen perder tempo vital para reducir as secuelas. Isto tería como consecuencias positivas que as persoas coidadoras terían menos cargas e avanzaríamos en aspectos como a incorporación laboral.

Estas son demandas que nos son trasladadas desde o movemento asociativo do Dano Cerebral Adquirido, e por esa razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

-Non considera preciso o Goberno Galego poñer en marcha unha estratexia galega de atención as persoas con dano cerebral adquirido?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 13:06
Nº Rexistro: 27083
Data envío: 28/02/2018 13:06:46.868

-Vai crear a categoría diagnóstica “Dano Cerebral Adquirido” que poña en marcha este proceso de rehabilitación especializada á alta hospitalaria?

-Non considera necesario crear un censo de persoas con DCA para dimensionar de forma adecuada os recursos necesarios?

-Vai garantir a atención en tempo e forma, sen listas de espera, para evitar secuelas derivadas das demoras na rehabilitación?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 28/02/2018 13:03:19

Ana Pontón Mondelo na data 28/02/2018 13:03:23



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2018 13:06
Nº Rexistro: 27083
Data envío: 28/02/2018 13:06:46.868

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/02/2018 13:03:26

Olalla Rodil Fernández na data 28/02/2018 13:03:27

Noa Presas Bergantiños na data 28/02/2018 13:03:29

Xosé Luis Bará Torres na data 28/02/2018 13:03:30

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Neste mes de febreiro, o Goberno publicaba no DOG a nova composición do Observatorio Galego de Educación Ambiental coa transparencia e participación que lle caracterizan. Aproveitando a publicación e tratándose de educación ambiental, non tivo a ocorrencia de regular de novo a xestión de residuos que fai Sogama -lórico, por outra banda-, pero si acordar a derogación da Orde do 10 de decembro de 1984 sobre a protección do acivro (*Ilex aquifolium*, L.) no territorio da nosa Comunidade Autónoma. Esquecendo que as formacións de acivro son un hábitat de interese na UE (9830 Bosques *de* *Ilex aquifolium*), que ten sufrido unha diminución dun 10 % da súa superficie de distribución e ocupación nas últimas décadas e sen apoiarse en ningún informe científico sobre o estado de conservación da especie e as consecuencias que a súa desprotección terá para outras especies protexidas, nomeadamente animais.

A maiores, o Observatorio Galego de Educación Ambiental creouse no ano 2001, mais podendo significar un avance na educación ambiental de Galicia, non semella que isto teña ocorrido, moito menos despois da reforma da súa composición.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como encaixa o Goberno galego ao Observatorio Galego de Educación Ambiental no organigrama da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio?
2. Cal vai ser o seu réxime de funcionamento específico?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Como se financia?
4. Que institucións educativas van formar parte da súa composición?
5. Vai contar o Goberno coa Sociedade Galega de Educación Ambiental, coa Asociación dos Ensinantes de Ciencias de Galicia e con outras entidades que levan tempo dedicados á educación ambiental da cidadanía? Si a resposta é positiva, como o vai facer?
6. Como vai articular o Goberno a participación das entidades ecoloxistas?
7. Vai reconsiderar o Goberno que se avalíe a inclusión do acivro como especie vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas?

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/02/2018 12:48:53

José Antonio Quiroga Díaz na data 28/02/2018 12:53:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/02/2018 12:53:52

Maria de la Concepción Burgo López na data 28/02/2018 12:53:59

Raúl Fernández Fernández na data 28/02/2018 12:54:04



 Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 28/02/2018 12:54:09

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domíguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A situación demográfica é unha prioridade para o Goberno galego como se pon de manifesto cos diferentes programas que de xeito transversal está a desenvolver a Xunta coa pretensión de crear en Galicia un entorno social favorable para vivir, para formar unha familia e para que cada quen poida ter os cativos que desexe.

Dentro das medidas postas en marcha destaca, pola súa novidade, a das Casas Niño. As Casas Niño integran o Programa de Apoio á Natalidade, no que atinxe á área de conciliación, especificamente concebidas para os núcleos de poboación con menos de 5.000 habitantes que carecen dun servizo de atención continuada á infancia para nenos menores de tres anos.

Dende a primeira convocatoria de axudas realizada no ano 2016 na nosa Comunidade Autónoma co fin de posibilitar a posta en funcionamento deste tipo de recurso, que ofrece unha atención personalizada, integral, de horario flexible e gratuíta, a Xunta de Galicia dedicou á creación das Casas Niño unha partida orzamentaria que ronda os cinco millóns de euros e que permitiu que, a día de hoxe, estean funcionando preto de medio cento.

Por todo o exposto os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é a valoración que fai o Goberno galego da implantación e funcionamento das Casas Niño como recurso de conciliación nos núcleos rurais?
- 2.- Cando ten previsto o Goberno galego a publicación da orde correspondente a este ano para o impulso de novas Casas Niño?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 28/02/2018 13:52:18

Marta Rodriguez Arias na data 28/02/2018 13:52:26

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/02/2018 13:52:38

María Encarnación Amigo Díaz na data 28/02/2018 13:52:45

María Ángeles Garcia Míguez na data 28/02/2018 13:52:50

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 28/02/2018 13:52:56

María Soraya Salorio Porral na data 28/02/2018 13:53:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/02/2018 13:53:11

Sandra Vázquez Dominguez na data 28/02/2018 13:53:19

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa **resposta oral na Comisión 6.^a**, relativa aos estudos necesarios para as autorizacións de implantación de grandes centros comerciais.

Galicia ten case un millón de metros cadrados ocupados por centros comerciais. Supoñen neste momento 39 centros comerciais operativos: 18 na Coruña, 16 en Pontevedra, 3 en Lugo e 2 en Ourense.

De aquí ao 2020 está prevista a construción doutros 400.000 metros cadrados, o 20% da totalidade dos proxectados en toda España.

Fondos de investimento internacionais e promotores impulsan cinco novos centros comerciais, todos eles no sur de Galicia (dous na provincia de Ourense e tres na de Pontevedra), que suman eses 400.000 metros cadrados.

Nestes momentos A Coruña acapara máis da metade da actual oferta de grandes áreas de compras: 530.829 metros dun total de 916.029 en toda Galicia. Entre os proxectos máis avanzados está o parque comercial de San Cibrao das Viñas (Ourense) promovido por Kronos Properties, cunha superficie comercial de 18.500 metros cadrados. Ten prevista a súa apertura no primeiro semestre do 2019. Nese mesmo período de tempo abrirá tamén en Ourense Leroy Merlin unha instalación comercial de 10.000 metros.



As maiores operacións de futuro están situadas en Vigo. Alí está proxectado para 2020 o proxecto de Vialia na estación do AVE cunha superficie construída de 90.476 metros.

O fondo británico Eurofund Capital Partners mantén o plan de construír en Vigo o maior centro comercial de Galicia, de 500.000 metros cadrados de superficie a pesar da controversia que suscita. Unha iniciativa imposible de desenvolver co vixente plan urbanístico da cidade. O fondo de investimento tenta eludir este plan coa colaboración da Xunta de Galicia para que declare o proxecto de carácter supramunicipal, o que permitiría a Eurofund saltarse a nulidade do plan xeral.

No veciño municipio de Mos está en fase inicial de estudos o centro comercial de 120.000 metros cadrados da Cidade Deportiva do Celta, que tamén esixiría modificacións da normativa urbanística.

Como vemos polos datos anteriores, as maiores superficies galegas están en mans de fondos internacionais de capital risco, que consideran estes investimentos meramente especulativos e non dubidan en pechallas de maneira fulminante se non conseguen os resultados a curto prazo que consideran necesarios. Isto é o que está a pasar en Estados Unidos con peches en cadea de grandes espazos.

Esta situación de concentración da propiedade da superficie comercial en Galicia, moi superior á doutras zonas de España e Europa, en mans de fondos especulativos é un risco enorme para a diversidade do ecosistema comercial xa que canibaliza e destrúe o pequeno comercio nos centros das cidades con todas as consecuencias negativas que iso implica para un desenvolvemento social sustentable das mesmas e afecta moi negativamente ao seu atractivo de face aos visitantes.



Supoñen ademais, estes grandes centros, unha diminución inasumible de posibilidades de mercado para os pequenos propietarios de locais comerciais nos centros e os barrios das cidades.

Os prezos de aluguer da superficie comercial nos grandes centros é inasumible para iniciativas da pequena empresa o que leva a que estes centros estean copados polas grandes marcas e as súas franquías. Isto limita moitísimo a capacidade de innovación e desenvolvemento de novas iniciativas de capital e emprendemento local e as súas posibilidades de desenvolvemento tanto en Galicia como noutros territorios a partir dunha forte implantación local.

Tamén esta concentración masiva, polo comentado no parágrafo anterior, reduce de maneira drástica a diversidade comercial, o que resta atractivo ás cidades, que non poden ofrecer aos visitantes zonas comerciais diferenciadas e con valores e produtos autóctonos que o visitante non pode atopar nos seus lugares de orixe.

Ante todo isto consideramos que non se pode seguir con esta barra libre, para os grandes fondos de capital especulativo, para implantar de maneira masiva centros comerciais sen antes estudar a fondo as súas consecuencias en todo o comercio local naquelas zonas onde xa se instalaron e nas que se proxectan para o futuro.

Ante todo o exposto, **En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:**

- 1.- Ten realizado a Xunta de Galicia algún informe das consecuencias para o comercio local, e a destrución de emprego que implica, da implantación de grandes superficies comerciais?
- 2.- En concreto realizouse algún estudo na zona metropolitana da Coruña por ser a máis afectada nestes momentos?

3.- Ten realizado a Xunta de Galicia algún estudo das consecuencias para os pequenos propietarios de locais comerciais nas zonas onde se instalan grandes superficies?

4.- De cordo co artigo 29 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, para as autorizacións comerciais autonómicas, elabóranse e téñense en conta os informes mencionados nas preguntas 1 a 3 para ditaminar ditas autorizacións?

5.- Para os novos centros comerciais mencionados na exposición de motivos, estanse a facer os informes mencionados nas preguntas 1 a 3?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 28/02/2018 14:16:42

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O transporte sanitario terrestre urxente, xestionado pola Fundación 061, iniciou o seu proceso de concesión baixo sospeitas e problemas xudiciais sobre un concurso por unha cifra de 121,6 millóns de euros, nos que existiron denuncias de trato de favor e sospeitas fundadas sobre a existencia de información privilexiada.

Unha vez concedido ese concurso, na actualidade diversas informacións apuntan a que as empresas concesionarias solicitan a renunciar a algúns dos lotes concedidos: Santiago, Bergantiños-Costa da Morte, Barbanza-Muros, Lugo (centro) e O Salnés-A Estrada.

A pesares desta situación, non é coñecida a posición adoptada pola consellería, a vontade ao respecto de aceptar ou non e as previsións sobre as accións a desenvolver con respecto a esta cuestión.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a situación actual respecto ás noticias que advirten da renuncia das empresas concesionarias a algúns dos lotes de transporte sanitario terrestre urxente?
2. Como valora a Xunta de Galicia a renuncia anunciada das empresas concesionarias?
3. Que previsión de accións ten prevista a Xunta de Galicia ao respecto desta situación?
4. Pode garantir a Xunta de Galicia o correcto funcionamento deste servizo a pesares das novas coñecidas?

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2018

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 01/03/2018 10:06:08

Raúl Fernández Fernández na data 01/03/2018 10:06:15

María Luisa Pierres López na data 01/03/2018 10:06:19

Noela Blanco Rodríguez na data 01/03/2018 10:06:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Na reciclaxe de residuos hai dúas velocidades, a da UE (cunha media de 45 %) e a de España (29 %). Xa son preocupantes estes datos oficiais de España (do ano 2016), pero aínda o serán máis no futuro, posto que no ano 2020 os Estados deberán reciclar, a lo menos, o 50 % dos residuos municipais (existe unha Directiva comunitaria que así o establece); en 2025, a lo menos, o 55 % e en 2035, esa porcentaxe deberá chegar ao 65 % (estas últimas metas van ser aprobadas en pouco no Parlamento Europeo). Dende 2010 España está estancada nesa taxa de reciclaxe e nesta década non houbo evolución.

A Comisión Europea vai elaborar un informe de alerta sobre o grao de cumprimento dos obxectivos de 2020 e a súa previsión é que España figure entre os Estados que están en perigo de non cumprir. A mesma Comisión alerta de que Canarias, Madrid e Galicia non chegan nin ao 20% da reciclaxe dos residuos municipais, ao que o Ministerio responde que son as autoridades autonómicas e as municipais as que teñen as competencias.

O propio Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente reconece que vai ser difícil acadar as cifras que marca a UE. Fronte a isto, onte mesmo a Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio anunciaba que a reciclaxe do vidro en Galicia segue a aumentar, do que deu fe tamén o director de marketing de “Eco Vidrio”. *“Galicia ten que dar un paso serio e definitivo para abandonar totalmente o modelo de produción que temos, que é o de producir, fabricar, usar e tirar. Ese modelo non debería estar en vigor a día de hoxe. Aí entra como actor principal a reciclaxe do vidro, na que estamos crescendo”*, dicía a conselleira.

O certo é que a xerarquía na xestión de residuos que establece a Directiva 2008/98/CE no seu artigo 4 é clara:

1. Prevención.
2. Preparación para a reutilización.
3. Reciclado.
4. Outro tipo de valorización.
5. Eliminación.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está satisfeito o Goberno galego con ser unha das comunidades autónomas, xunto con Canarias e Madrid, coa peor taxa de reciclaxe de España?
2. Cal foi a porcentaxe de reciclaxe dos residuos municipais en Galicia dende o ano 2009 ata hoxe?
3. Pensa o Goberno que Galicia vai acadar o 50 % en reciclaxe dos residuos municipais en 2020, tal e como esixe a Directiva comunitaria?
4. Pensa o Goberno que Galicia vai acadar o 55 % en 2025 e o 65 % en 2035?
5. Cando vai dar o Goberno un paso serio e definitivo para abandonar totalmente o modelo de produción de Galicia?
6. Que pensa facer para acadar os fins sinalados pola UE?
7. Considera o Goberno galego que hai insuficiente información referente á xeración e recollida de residuos?
8. Vai aprobar o Goberno, nesta lexislatura, un novo Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020?

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/03/2018 09:55:32

Raúl Fernández Fernández na data 01/03/2018 09:55:37

María Luisa Pierres López na data 01/03/2018 09:55:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 12:33
Nº Rexistro: 27137
Data envío: 01/03/2018 12:33:51.456

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Lonxe de adoptarse medidas correctoras, que se están a demandar desde hai tempo por diversos sectores sociais e institucións –trasladadas polo BNG a este Parlamento- ao respecto do deterioro progresivo na infraestrutura e servizos da liña do ferrocarril de cercanía Ferrol-Ribadeo; a situación está a agravarse até extremos que fan visualizar que estamos nun proceso claramente premeditado.

Só así pode entenderse o acontecido, sen ir máis lonxe, na pasada semana, na que se produciron supresións nos seguintes servizos:

-Luns 19, suprimidos na totalidade ou en parte 5 servizos rexionais dos 8 existentes (2 Ferrol-Ribadeo e 2 inversos, 2 Ferrol-Oviedo e 2 inversos).

-Martes 20, suprimidos o Ribadeo-Ferrol das 6:55, Ferrol-Ortigueira das 13:00, Ortigueira-Ferrol das 15:05 e o Ferrol-Oviedo das 15:30.

-Mércores 21, suprimidos practicamente o 90% dos servizos de cercanías de Ferrolterra.

-Xoves 22, suprimidos o Ribadeo-Ferrol das 15:00, Ferrol-San Sadurniño das 14:20, San Sadurniño-Ferrol das 14:49.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 12:33
Nº Rexistro: 27137
Data envío: 01/03/2018 12:33:51.456

-Venres 23, suprimido o Oviedo-Ferrol no tramo de Galiza.

-Sábado 24, suprimido o Ribadeo-Ferrol das 6:55 por avaría dunha unidade na Mariña lucense. Afectou a 30 usuari@s que foron desprazados en taxis, chegando a destino con máis de unha hora de retraso.

Estes recentes feitos non son illados en tanto que veñen a sumarse ás deficiencias estruturais que se están a denunciar desde hai tempo: falla de renovación nunha maquinaria caduca, desatención ao mantemento dos apeadoiros, inexistencia de interventores nos trens (cos problemas de seguridade que pode acarrexar) etc... E todo isto, perante a inacción da Xunta, Renfe e Fomento; alleos ás reivindicacións sociais e institucionais perante unha situación que resulta verdadeiramente caótica.

Á vista da situación fórmulanse as seguintes preguntas para a resposta oral en comisión:

- É consciente a Xunta da situación caótica que tanto no referente a maquinaria e mantemento rexistra a liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo?
- Coñece a Xunta as razóns das incidencias que se viñeron producindo no servizo entre os días 19 e 24 do presente mes?
- Ten previsto adoptar a Xunta –no marco da comisión creada con Fomento e Renfe- algunha medida para esixir medidas urxentes para abordar as deficiencias estruturais existentes na liña Ferrol-Ribadeo?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 12:33
Nº Rexistro: 27137
Data envío: 01/03/2018 12:33:51.456

- Valora a Xunta a necesidade de solicitar a transferencia dos servizos ferroviarios desta liña, para garantir os servizos de viaxeiros e mercadorías das zonas afectadas?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 01/03/2018 12:33:16

María Montserrat Prado Cores na data 01/03/2018 12:33:21

Ana Pontón Mondelo na data 01/03/2018 12:33:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/03/2018 12:33:24



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 12:33
Nº Rexistro: 27137

Data envío: 01/03/2018 12:33:51.456

Noa Presas Bergantiños na data 01/03/2018 12:33:26

Xosé Luis Bará Torres na data 01/03/2018 12:33:27



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

O Ministerio de Hacienda e Función Pública (MINHAP), publica mensualmente o informe correspondente aos datos da execución orzamentaria das Comunidades Autónomas. Este informe permite coñecer e analizar a evolución orzamentaria acumulada ao mes de referencia.

O informe do Ministro detalla a evolución dos ingresos e os gastos, así como o déficit ou superávit das diferentes Comunidades Autónomas.

Para o exercicio 2017, Galicia presenta cifras positivas de superávit orzamentario pero negativas na súa forma de conseguilo, porque non o fai ingresando máis, senón gastando menos.

Os ingresos non financeiros acumulados en Galicia para o conxunto do ano 2017, sitúanse por riba do acadado no ano 2016. Mais hai que sinalar que este incremento de ingresos é sen dúbida decepcionante, xa que a economía segue medrando a un ritmo considerablemente superior.

Mais por outra banda, este incremento é aínda mais preocupante cando se observa a evolución que experimentan o resto das CCAA. Isto é, o incremento medio dos ingresos do resto dos territorios supera moi notablemente a subida experimentada en Galicia.

Galicia ten, polo tanto, unha taxa de variación dos ingresos non financeiros moi baixa que a coloca como unha das perores CCAA do réxime común.



Por que tendo unha peor evolución nos ingresos Galicia está entre as CCAA con maior equilibrio orzamentario? Porque o que fai e gastar menos. Gastar menos é a forma que ten a Xunta de Galicia para acadar o superávit orzamentario.

O gasto non financeiro acumulado durante o conxunto do ano 2017 para Galicia é practicamente a metade da media do resto das CCAA., o que pon de evidencia a estratexia de gastar menos que ten a Xunta de Galicia.

Aquí tamén as diferenzas coas CCAA que teñen un mellor desempeño é notable. Galicia é das comunidades do réxime común na que menos se incrementa o gasto e sitúase a gran diferenza das que encabezan o ranking.

En síntese, cos datos acumulados para o conxunto do ano 2017, Galicia presenta unha execución orzamentaria preocupante e negativa, con taxas de variación dos ingresos e dos gastos non financeiros que se sitúan por debaixo da media das CCAA e moi alonxada dos que teñen mellores valores, o que fai cuestionar a estratexia da consolidación fiscal, porque o equilibrio orzamentario non se consegue ingresando máis senón gastando menos.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Que valoración fai o Goberno da Xunta dos resultados ofrecidos para Galicia dos Informes de Execución Orzamentaria publicados polo Ministerio de Facenda?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/03/2018 12:33:47



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Paula Quinteiro Araujo, Francisco Casal Vidal, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Davide Rodríguez Estévez e Eva Solla Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª**

A Lei 27/2011 xa mencionaba o factor de sostibilidade do sistema da Seguridade Social, pero non prevía a súa entrada en vigor ata o ano 2027. Porén, o RDL 3/2013 encargou a unha comisión de expertos o estudo de dito factor para a súa aplicación adiantada, como contrapartida polo rescate bancario europeo. O informe, alegouse, era un xesto para reforzar o compromiso coa sostibilidade orzamentaria do sistema de pensións ante a cidadanía, os inversores internacionais e os nosos socios europeos. Posteriormente, a Lei 23/2013 adiantou a entrada en vigor do factor de sostibilidade ao 1 de xaneiro do 2019. O obxectivo das reformas previstas na Lei 23/2013 era conter o gasto reducindo a taxa de substitución das pensións de xubilación, que son as que máis gasto lle supoñen ao Estado.

A aplicación deste factor de sostibilidade tería efectos moi nocivos para a cidadanía. Minguaría as pensións, aumentaría a vulnerabilidade dos beneficiarios e desfiguraría o sistema público da Seguridade Social. Nun período de 30 anos, de 2019 a 2049, cunha evolución da esperanza de vida como a prevista, o descenso da pensión inicial estaría entre o 9% e o 18%. Ademais, tería un



tremendo impacto de xénero, xa que as mulleres acceden á xubilación con carreiras de cotización e vidas laborais máis curtas e de carácter irregular.

Os efectos serían aínda peores en Galicia, algo que os datos sinalan con claridade. A media das pensión galegas está quince puntos por debaixo da media estatal. De feito, o 60% delas está incluso por debaixo do salario mínimo. Tamén o ratio de cotizantes por pensionistas e menor na nosa comunidade. No conxunto do Estado é de case dous (1,92), pero en Galicia non chega ao 1,3. Tanto é así que contamos xa con 167 concellos nos que hai máis pensionistas que traballadores e traballadoras, fronte aos 146 nos que sucede á inversa. Os 11 casos máis extremos suman o dobre de pensionistas que de cotizantes (todos eles na provincia de Ourense).

Así, observamos que o factor de sostibilidade vulnera, moi especialmente en Galicia, o artigo 50 da Constitución, que obriga a os poderes públicos a garantir, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económicas da cidadanía durante a terceira idade. Incumpre, así mesmo, a doutrina do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que considera que “calquera axuste no sistema de pensións debe levarse a cabo de maneira gradual, prudente y medida”, xa que “calquera outro enfoque podería poñer en perigo a paz social, a previsibilidade do sistema e a seguridade xurídica”.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que consecuencias tería, en opinión da Xunta de Galicia, a aplicación do denominado factor de sostibilidade a partir de 2019 sobre a xa escasa contía das pensións en Galicia, que segundo estimacións rigorosas provocaría unha redución do 5% da pensión inicial nos dez primeiros anos



de aplicación e que chegaría ata unha perda do 20% na contía da pensión dos novos pensionistas ata o ano 2050?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/03/2018 13:23:50

Luis Villares Naveira na data 01/03/2018 13:24:02

Carmen Santos Queiruga na data 01/03/2018 13:24:14

Antón Sánchez García na data 01/03/2018 13:24:24

Paula Vázquez Verao na data 01/03/2018 13:24:31

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/03/2018 13:24:35

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/03/2018 13:24:40

Eva Solla Fernández na data 01/03/2018 13:24:43

Luca Chao Pérez na data 01/03/2018 13:24:46

Paula Quinteiro Araújo na data 01/03/2018 13:24:50

Magdalena Barahona Martín na data 01/03/2018 13:24:54

Francisco Casal Vidal na data 01/03/2018 13:24:58



David Rodríguez Estévez na data 01/03/2018 13:25:03

Marcos Cal Ogando na data 01/03/2018 13:25:07

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Paula Quinteiro Araujo, Francisco Casal Vidal, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Davide Rodríguez Estévez e Eva Solla Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

O mecanismo de revalorización das pensións é fundamental para garantir o dereito constitucional a un retiro digno, xa que é a clave para que as persoas beneficiarias poidan tomar decisión fundadas acerca do seu futuro e, polo tanto, gozar dunha ben merecida estabilidade. Trátase, noutras palabras, dunha protección imprescindible fronte aos riscos e dificultades que van aparellados ao envellecemento.

Porén, isto non impediu que no marco de redución do déficit público se contemplase a suspensión da revalorización (Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio, Lei 39/2010, de 22 de decembro, LPE para 2011, RDL 28/2012, do 30 de novembro) como medida excepcional e conxuntural. Tampouco significou moito que a suspensión fora contraria a Recomendación número 11 do Pacto de Toledo.

A medida “conxuntural” adquiriu a categoría de definitiva tralo Informe do Comité de Expertos do 7 de xuño de 2013. O informe suxería non revalorizar anualmente as pensións atendendo ao IPC senón a un novo índice menor que a inflación. Dita “revalorización” suporía, na práctica, unha perda constante de



poder adquisitivo para as persoas pensionistas. Este novo factor incumpre dun xeito flagrante o artigo 50 da Constitución, que obriga a os poderes públicos a garantir, mediante pensións adecuadas e actualizadas periodicamente, a suficiencia económica da cidadanía durante a terceira idade.

O novo índice de revalorización é problemático mesmo na súa caracterización. É opaco no seu deseño e funcionamento, arbitrario na fixación da contía da revalorización e deixa moita marxe á discrecionalidade. Ademais, é inxusto por como afecta ás pensións mínimas e as non contributivas. Ao supor unha gran perda económica, pode derivar nun empobrecemento paulatino das persoas coas prestacións máis baixas, mulleres na súa meirande parte.

Deténdonos no aspecto estritamente xurídico, o feito de que a medida afecte ás pensións causadas con anterioridade á reforma é susceptible de ser inconstitucional, xa que ten efectos retroactivos prexudiciais para a cidadanía. A medida tamén pode vulnerar a doutrina do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que considera que “calquera axuste no sistema de pensións debe levarse a cabo de maneira gradual, prudente e medida” pois “calquera outro enfoque podería poñer en perigo a paz social, a previsibilidade do sistema e a seguridade xurídica”.

Hai, polo tanto, motivos dabondo para modificar o método actual de revalorización anual das pensións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Cal é a posición da Xunta de Galicia sobre o actual modelo de revalorización das pensións contributivas, regulado no artigo 58 do Texto



refundido da Lei da Seguridade Social, que eliminou o IPC como referencia para establecer variables que determinan un incremento do 0,25%, moi por baixo do incremento dos prezos, o que condena as persoas pensionistas galegas a sufrir unha perda importante e sostida do seu poder adquisitivo, como por exemplo 0 2% que perderon tan só en 2017?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/03/2018 13:16:02

Luis Villares Naveira na data 01/03/2018 13:16:12

Carmen Santos Queiruga na data 01/03/2018 13:16:20

Antón Sánchez García na data 01/03/2018 13:16:29

Paula Vázquez Verao na data 01/03/2018 13:16:38

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/03/2018 13:16:42

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/03/2018 13:16:45

Eva Solla Fernández na data 01/03/2018 13:16:49

Luca Chao Pérez na data 01/03/2018 13:16:53

Paula Quinteiro Araújo na data 01/03/2018 13:16:56

Magdalena Barahona Martín na data 01/03/2018 13:17:00

Francisco Casal Vidal na data 01/03/2018 13:17:04

David Rodríguez Estévez na data 01/03/2018 13:17:07

Marcos Cal Ogando na data 01/03/2018 13:17:11

A Mesa do Parlamento

Julia Rodríguez Barreira, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O pasado 29 de decembro de 2017, a Xunta de Galicia publicaba no DOG a incoación do expediente de declaración BIC da Ribeira Sacra, na categoría de paisaxe cultural. Abríase así un período de exposición pública de tres meses no que os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas.

Para chegar a este punto, tense desenrolado un importante traballo técnico pero tamén unha serie de reunións cos Concellos, Deputacións, e colectivos, ata acadar un documento que conte co maior consenso posible no territorio.

A vista do resultado das reunións mantidas, e tendo transcorrido a metade do período de exposición pública do expediente, no que os interesados poden formular as súas alegacións, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia das reunións mantidas cos Concellos, Deputacións, e colectivos e das aportacións formuladas nelas, polos distintos axentes participantes para a declaración BIC da Ribeira Sacra?
2. Que previsión temporal contempla a Xunta de Galicia para o remate do expediente e a declaración por Decreto do BIC da Ribeira Sacra?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodríguez Barreira na data 01/03/2018 13:46:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Teresa Egerique Mosquera na data 01/03/2018 13:46:32

César Manuel Fernández Gil na data 01/03/2018 13:46:42

Maria Antón Vilasánchez na data 01/03/2018 13:46:46

Carlos Gómez Salgado na data 01/03/2018 13:46:54

Carlos Enrique López Crespo na data 01/03/2018 13:47:04

Antonio Mouriño Villar na data 01/03/2018 13:47:15

Moisés Rodríguez Pérez na data 01/03/2018 13:47:22

Martín Fernández Prado na data 01/03/2018 13:47:30



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 16:45
Nº Rexistro: 27152
Data envío: 01/03/2018 16:45:48.355

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a vulneración de dereitos lingüísticos acontecida na Xunta en Lugo.

“Yo sólo hablo castellano, no me da la gana de hablar en gallego”. Así respondía unha funcionaria da Xunta de Galiza en Lugo a unha veciña da cidade cando esta acudiu á administración para solicitar información e indicou que quería ser atendida en galego.

“No me da la gana! Soy funcionaria y puedo escoger el idioma que yo quiera”, insistiu.

Os acontecementos foron denunciados diante da Mesa pola Normalización Lingüística que, ao igual que desde o BNG, considerou o sucedido como unha vulneración clara e flagrante dos dereitos lingüísticos recoñecidos legalmente para a poboación galega. Entre outros, o artigo 5.4 do Estatuto de 1981, que promulga que ninguén poderá sufrir discriminación por causa da lingua; a Lei 3/1983 de normalización lingüística no artigo 6.1. que recolle que a cidadanía ten dereito ao uso do galego nas súas relacións coa administración pública a Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas que estipula o dereito a utilizar as linguas oficiais no territorio da comunidade autónoma ou mesmo a Carta europea das linguas rexionais e minorizadas que no artigo 2.b) recolle a posibilidade para os falantes de linguas rexionais ou minoritarios de presentar demandas orais ou escritas nestas linguas.

É máis grave aínda se temos en conta que se trata da administración galega.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 16:45
Nº Rexistro: 27152
Data envío: 01/03/2018 16:45:48.355

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Como valora o Goberno galego os feitos acontecidos e denunciados por unha veciña de Lugo?
- Que medidas adoptou ou prevé adoptar a Xunta de Galiza diante desta situación?
- Cónstanlle ao Goberno galego máis denuncias por acontecementos ou situacións semellantes?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 01/03/2018 16:44:41



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 16:45
Nº Rexistro: 27152
Data envío: 01/03/2018 16:45:48.355

María Montserrat Prado Cores na data 01/03/2018 16:44:46

Ana Pontón Mondelo na data 01/03/2018 16:44:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/03/2018 16:44:49

Noa Presas Bergantiños na data 01/03/2018 16:44:51

Xosé Luis Bará Torres na data 01/03/2018 16:44:54

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

O problema das listas de espera no Servizo Galego de Saúde, está xa consolidado como un problema estrutural que desgasta dun xeito alarmante a calidade da sanidade pública, cun lucro directo da sanidade privada por medio das derivacións que se fan, ante a carencia cada vez máis aguda de medios na pública a causa dos recortes.

Pero ademais das derivacións produto da carencia de medios, doentes e profesionais están a denunciar casos, como o do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra coas operación de varices, nas que se está a ofrecer directamente a operación nunha clínica privada sen ser anotados previamente na lista de espera. Pero ademais, a situación é moito máis grave cando non só ofrecese directamente a operación na privada, si non que este ofrecemento non ven acompañado da información necesaria sobre as diferentes técnicas que se empregan, violando os dereitos das e dos doentes e actuando sobre a súa capacidade de decisión.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.^a) Que coñecemento ten o Goberno da situación denunciada en relación a derivación no CHOP de operación de varices á privada incumprindo o protocolo?
- 2.^a) Ten coñecemento de que se estean empregando este tipo de prácticas en outros hospitais de Galicia?



- 3.^a) Que medidas pensa tomar ante esta situación?
- 4.^a) Considera normal non dotar de suficientes medios a sanidade pública tendo que recorrer a privada de forma estrutural?
- 5.^a) Considera o Goberno ético e legal estas actuacións?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 01/03/2018 16:12:48

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

O pasado mes de novembro o Comité Europeo para a Prevención da Tortura fixo público o informe correspondente á visita realizada a Comisarias e Centros Penitenciarios en España.

Na súa visita, pasou tanto pola Comisaria da Coruña como polo Centro Penitenciario de Teixeiro, e se ben respecto da primeira non se manifestan observacións de especial gravidade, máis alá da superficie das celdas ou do Réxime de detención incomunicada, no caso do Centro Penitenciario de Teixeiro, obsérvanse críticas de bastante gravidade.

Na relación das denuncias por malos tratos que a delegación do Comité Europeo considera verosímiles, figura o caso dun interno do Centro Penitenciario de Teixeiro que tras un altercado verbal cos funcionarios de prisións nunha inspección da celda, declarou que: *“un grupo de funcionarios rociaron su celda con un spray de pimienta. Posteriormente, lo llevaron a una celda vacía donde le propinaron puñetazos le golpearon con porras por todo el cuerpo. A continuación, le mantuvieron desnudo durante unas 36 horas y estuvo fijado boca abajo, sin que pudiera acceder a un baño durante toda la aplicación de la medida. Obviamente, se hizo sus necesidades encima. Además, no le dieron de comer durante le período de sujeción mecánica”*. Así o recolle a páxina 36 do informe.



Sobre a suxeición mecánica, advirte o informe un uso sistemático sen a supervisión e o rexistro adecuado da súa aplicación e en varios casos como medida punitiva, sen que se fixese caso das advertencias dos informes nas visitas realizadas en 2007 e 2011.

Resaltando tamén en relación as denuncias as manifestacións contraditorias por parte das autoridades españolas da SGIP e as direccións de dous Centros Penitenciarios, un deles Teixeiro, en relación a visitas de inspección e as investigación administrativas e xudiciais sobre as denuncias expostas.

En canto as prestacións, destacan as deficiencias en materia de sanidade e principalmente na precaria situación da atención psiquiátrica en Teixeiro, onde ningún psiquiatra visitara o centro dende 2011 pese a que existen un porcentaxe alto de poboación reclusa que recibe medicación antipsicótica. A isto únese a falta de psicólogo ou psicóloga clínica no Centro. Situación que o Comité cualifica de inaceptable na páxina 67 do seu informe, recomendando que se adopten as medidas necesarias para garantir a presenza destes facultativos.

En materia de sanidade, considera tamén insuficiente a atención prestada as persoas toxicodependentes recomendando a necesidade de explorar as un aumento da oferta de actividades, así mesmo, en relación coas enfermidades transmisibles como a hepatitis C, que afecta a un 25% da poboación reclusa do Centro Penitenciario, solo un número moi limitado de internos estaba recibindo con regularidade o tratamento antirretroviral máis recente para a Hepatite C, sendo informados pola dirección do centro de que solo os internos cun estado avanzado de fibrosis hepática (fase F3 en lugar de F2 aplicada á comunidade en xeral) recibirían medicación antirretroviral, recomendando a Comisión no seu informe que se asegure o principio de igualdade na asistencia e se facilite o mesmo acceso ao tratamento antirretroviral aos internos que ao resto da comunidade.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea pregunta:

- Que actuacións levou a cabo o Goberno galego, dentro das súas competencias, en relación as situacións denunciadas no informe da Comisión?
- Cales son as actuacións que ten levado a cabo o Goberno galego, dentro das súas competencias, en relación a procurar solucións de cara as recomendacións do informe da Comisión?
- Cando pensan levar a cabo as medidas necesarias para a transferencia das competencias en materia de sanidade penitenciaria?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 01/03/2018 16:20:28

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7.^a**, sobre a madeira que a día de hoxe segue tirada nos montes galegos.

O Goberno da Xunta non soubo prever os incendios nin xestionar a súa extinción cando se produciron. Agora comprobamos que tampouco é quen de reparar a desfeita.

Durante a vaga de lumes, arderon 2,5 millóns de m³ de madeira, a meirande parte da cal continúa deteriorándose no monte. Só a décima parte foi cortada, a pesar de que as principais organizacións da cadea forestal galega ofrecéronse á Xunta a facerse cargo dela sen rebaixar os prezos. A súa proposta permitiría cortar un terzo menos o presente ano para recuperar as zonas que foron arrasadas polo lume.

A cambio da súa colaboración, a cadea forestal galega solicitou á Administración axilizar os permisos para cortar as árbores queimadas e frear a tala de madeira verde. Isto evitaría que na madeira queimada se instalase o fungo da mancha azul, botándoa a perder irremediabilmente.

Porén, a Xunta preferiu facer oídos xordos á axuda ofrecida e continuar ofrecendo permisos para cortar a madeira non afectada polo lume. En cambio, a madeira queimada non foi obxecto de poxa ata fai pouco. Dos 400.000 m³ de madeira queimada, puxouse por 250.000 e foron adxudicados 135.000, que non



poderán cortarse ata dentro dun mes. Os outros 115.000 quedaron desertos. E aínda quedan 150.000 por licitarse.

Cal é o problema que ten o desleixo da Xunta nesta materia? Que o tempo corre na contra da madeira queimada. Se non se recolle con prontitude, estrágase antes de chegar á fabrica.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a:

1. Que pensa facer a Xunta de Galicia coa madeira queimada?
2. Por que non actuou antes?
3. Canta madeira queimada aproveitable pensa que se perdeu pola demora na súa xestión?

Santiago de Compostela a 1 de marzo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 01/03/2018 17:17:36

Paula Quinteiro Araújo na data 01/03/2018 17:17:41

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta **oral na Comisión 4.^a**, relativa **ao derrube da Ponte Mourentán no lugar do Coto**.

A Ponte de Mourentán ten a consideración de ben catalogado, é unha infraestrutura catalogada na Xunta co código RI.0000030243. Trátase dun ben inventariado no Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta e está incluída no Inventario de Pontes Históricas de Galicia co número PO-22. Situada no lugar do Coto de Mourentán, Parroquia de Santa María de Arbo, nas seguintes coordenadas: 42° 07' 12.1" N - 8° 17' 35.5" W e construído entre os séculos XIV e XV sobre o río Deva para facilitar o cruce ao antigo Camiño desde Ribadavia a Tui. É unha ponte feita en perpiaño granítico, dun só arco lixeiramente apuntado. Ten unha lonxitude de 12,50 m. cunha lonxitude de 4 metros. Nalgúns dos seus perpiaños podemos ver varios gravados en forma de cruces. Testemuña histórica da batalla da Independencia que se librou contra os franceses en febreiro de 1809. Existe unha columna que recorda esta batalla.

O 28 de abril de 2017 o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria Román Rodríguez González e o alcalde do Concello de Arbo, Horacio Gil, asinaron un convenio de colaboración para a recuperación e consolidación da Ponte de Mourentán.

Esta ponte presentaba danos localizados no estribo dereito e nos peitorís, particularmente no muro do estribo dereito, que presentaba abombamento, xunto cunha greta na bóveda, desde o ano 1992.



Neste ano 1992 realizouse un proxecto que non se executou. No ano 2016 a conservación da ponte perigaba polo que se volveu analizar a situación, e o concello facer unha reparación da mesma, sendo necesarias obras nos peitorís, nos estribos, particularmente no dereito, e no resto da fábrica realizárase a limpeza da vexetación que cobre os muros do estribo esquerdo e e cortar e estabilizar algunhas árbores que medran neles, que poderían causar danos a longo prazo.

O proxecto cun orzamento de execución por contrata de 103.418 euros asumíuse pola Consellería con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma, mentres que o Concello de Arbo se ocuparía de autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios para que a Consellería puidese acometer as obras. Tamén se encargaría de aprobar o documento técnico das actuacións e das licencias e custes asociados que ascendería a 10.750 euros, realizado no ano 2016.

Esta intervención incluíuse no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio cultural.

O obxecto da actuación prevista era acometer as obras necesarias para evitar que a ponte seguisse deteriorándose e impedir que se produza unha perda irrecuperable para o patrimonio cultural galego.

O 7 de decembro do ano 2017 comezaban as obras, supervisadas polo director da obra da empresa adxudicataria e polos técnicos de Patrimonio, de tratamento, reparación e consolidación do seu estribo. A andamiaxe xa estaba colocada nunha parte da ponte, cando a finais de mes se derrubou.



O alcalde informou á Dirección Xeral de Patrimonio do ocorrido. Os técnicos tiñan a responsabilidade de analizar as causas do derrube.

A Consellería sinalou, como causa do derrube, as fortes choivas de fin de ano e a crecida do río Deva que provocaron grandes danos na estrutura e fixeron que parte do seu arco e calzada se viñese abaixo con todos os ferros.

Non ten nada que ver o abombamento do muro do estribo, nin da fenda na bóveda que xa presentaba desde o ano 1992. 25 anos son abondo para ter danos estruturais e non caer, bastante aguantou a ponte desde que se viron os danos. E tamén se constata a vontade de conservación do noso patrimonio.

Ata que non conclúan os traballos de recollida dos elementos caídos, a Consellería non poderá calcular o orzamento final necesario da obra de conservación da ponte. Desde logo se se tivese feito bastante antes, non estaríamos ante o derrube, nin ante custes innecesarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.-En que estado se atopa a Ponte de Mourentán? Cal son os próximos traballos a realizar? Que prazos se manexan?
- 2.-Faise cargo da obra Patrimonio?



3.-Cal é o informe dos técnicos? Está elaborado? De non ser así, canto tempo van tardar en elaboralo á vista das actuacións urxentes e necesarias?

4.-Decidiron reformar o proxecto que estaba en marcha ou ten que realizarse un proxecto novo? Canto tempo vai tardar en realizarse?

5.- Por que non se actuou no ano 1992 pese a existir un proxecto?

6.- Por que se tardou tanto en facer un proxecto de reparación da ponte?

7.- Por que se agardou ao inverno e as choivas para realizar as obras? Aconsellaron os técnicos a realización das mesmas? Que medidas se tomaron para a consolidación da ponte mentres se realizaban as obras?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/03/2018 17:35:48

Luca Chao Pérez na data 01/03/2018 17:35:54

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.^a**

O Grupo Parlamentario de En Marea saúda a sentenza do TUE sobre o acordo pesqueiro entre a Unión Europea e o reino de Marrocos. É agora o momento de corrixir e arranxar esta inxustiza, de dar a razón ao pobo que lexitimamente reclama a capacidade de decisión sobre os seus recursos naturais. Lamentamos que isto tivera que demorarse no tempo xa que é unha reclamación xusta que hoxe se demostra acreditada ademais legalmente; a reclamación dun pobo a xestionar os seus recursos pesqueiros, ao igual que os galegos reclamamos a capacidade de decidir sobre os nosos mares.

Durante estes anos nin o Goberno do Estado nin o galego estiveron á altura, esperamos que dende hoxe comecen a facer as cousas do xeito correcto. É o momento de respectar a decisión do TUE e comezar a negociar un acordo cos lexítimos representantes do pobo Saharauí de forma que se garanta que as empresas e traballadores poidan manter a súa actividade no banco pesqueiro do Sáhara Occidental, pero dende unha maior garantía e lexitimidade, mediante acordos cos lexítimos xestores deses recursos que permita a definición dun acordo pesqueiro que mellore as condicións socioeconómicas de ambas partes e acabe coa violación da soberanía do Sáhara.

Por iso co obxectivo de traballar de inmediato para que os barcos galegos poidan continuar a súa actividade -recordemos que no 2017 das 90 licencias posibles



para todo o Estado, apenas 5 barcos galegos estaban a faenar nesas augas-, de tal forma que o posible acordo cos lexítimos representantes do pobo saharauí poida incrementar as posibilidades socioeconómicas dos nosos barcos, pero tamén e de forma transcendental as do pobo saharauí, no sentido de que a utilización dos seus recursos repercuta na mellora das súas condicións de vida.

Por todo o exposto a deputada e o deputado asinantes pertencentes ao Grupo Parlamentario de En Marea, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a:

Que vai facer o Goberno galego para que de xeito inmediato se respecte a decisión do TUE, se comece unha negociación cos lexítimos representantes do pobo saharauí, e que así melloren as condicións socioeconómicas deste acordo, co obxectivo de axudar a mellorar as expectativas e condicións de pesca dos traballadores galegos afectados e as condicións de vida dos Saharauís?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 01/03/2018 17:43:48



Juan José Merlo Lorenzo na data 01/03/2018 17:43:59

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 4.^a**.

Á saída da vila de Portomarín, o Camiño Francés está oficialmente delimitado con dúas alternativas: a ruta histórica e un itinerario alternativo.

O trazado histórico, que permite unhas mellores vistas e o paso por importantes elementos do Patrimonio cultural, atópase indebidamente sinalizado, coa complicidade do Concello de Portomarín e da Xunta.

Unha parte do camiño histórico, antes de Portomarín, si está sinalizado, indicando que é máis duro que a alternativa, xa que pasa por un corgo antigo; aínda que é máis dura, o camiño antigo salva máis rápido o desnivel ata a entrada de Portomarín.

Cruzado o Miño, é onde desapareceu a sinal que indicaba o camiño histórico por San Roque. Esta situación de non sinalización provoca que as e os peregrinos se salten, sen posibilidade de sabelo, un tramo que permite boas vistas da ribeira do Miño e que pasa por enclaves de gran interese histórico e etnográfico como é o lugar de San Roque e a Capela de San Roque Peregrino.

A situación actual é tan delirante que non se sinala a Capela de San Roque neste cruce, pero si se sinala a Capela no punto onde se volven a xuntar os dous



camiños xa na Parroquia de Cortapezas, algo ilóxico, pois non se vai volver a atrás un bo treito.

Por outra parte, hai varios tramos do Camiño nos que a seguridade viaria é deficiente.

Concretamente, na entrada a Portomarín a estrada LU-633 precisa arcén. En Toxibó (Parroquia de Gonzar), a mesma estrada ten cambios de rasante con pouca visibilidade e os e as peregrinas están obrigadas a cruzar a vía, pese a que se podería manter camiño pola marxe esquerda da estrada, se as marxes da mesma estiveran en condicións.

Ademais, como no resto de Galicia, persisten puntos con elementos inacabados, tales como muros de bloques sen revocar, que non cumpren coas normas de protección dos Camiños de Santiago.

Tamén se detecta como eiva para o goce e coñecemento de todos os elementos do Camiño a ausencia dunha boa guía ampla.

A ponte primitiva de Portomarín, de orixe romana, foi destruída e mandada reconstruír no século XII pola raíña Urraca, sendo durante séculos un dos principais pasos do curso medio do Miño. A construción ficou asolagada tras a construción do encoro de Belesar en 1963 e actualmente só se conserva un dos seus arcos.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que subscriben, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a.

1. É consciente a Xunta de que se eliminaron sinais do trazado histórico do Camiño de Santiago en Portomarín?



2. Por que a Xunta consinte que se eliminen sinais do trazado histórico do Camiño de Santiago por San Roque?
3. Vai a Xunta garantir a sinalización adecuada do trazado histórico do Camiño de Santiago en Portomarín, repoñendo a sinalización no cruce que leva á Capela de San Roque?
4. É consciente a Xunta da falta de seguridade viaria dos e das peregrinas no Camiño de Santiago á entrada da vila de Portomarín e no lugar de Toxibó (parroquia de Gonzar)?
5. Que medidas vai tomar a Xunta para garantir a seguridade viaria do Camiño de Santiago nestes puntos?
6. Que medidas de protección e divulgación dos elementos patrimoniais de Portomarín vai acometer a Xunta?
7. Considera a Xunta tolerable que non se respecten os trazados históricos do Camiño de Santiago por posibles intereses alleos ao interese cultural do Camiño?
8. Que valor cultural achega ao Camiño Francés o itinerario alternativo trazado á saída da vila de Portomarín?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 01/03/2018 18:09:36

Luis Villares Naveira na data 01/03/2018 18:09:45

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/03/2018 18:09:51

Luca Chao Pérez na data 01/03/2018 18:09:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 17:11
Nº Rexistro: 27165
Data envío: 01/03/2018 17:11:36.249

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O ferrocarril é un servizo que as e os nacionalistas entendemos como público e básico. Sustentable economicamente e respectuoso co medio ambiente, constitúe un elemento de cohesión e vertebración social, ademais de ser un factor de dinamización e equilibrio demográfico. Como medio de transporte, debера ser o elemento central dun sistema nacional de transporte intermodal e complementario.

Neste sentido, o Bloque Nacionalista Galego sempre defendeu unha rede ferroviaria moderna, compatíbel para o tráfico de persoas e mercadorías, que primara a mobilidade interior, e con conexións con Portugal e a Meseta. Porén, mudouse ese deseño por outro concibido baixo un modelo centralista que primou a conexión con Madrid en detrimento da conexión interior do país e, de forma especial, en detrimento do interior de Lugo e Ourense. Desta forma, esta parte do noso territorio foi ficando á marxe do que debера ser un sistema ferroviario modernizado. A día de hoxe, en pleno ano 2018, non cumpre coa súa función de conexión rápida e non asegura a articulación territorial entre cidades e vilas galegas nin a conexión interior do centro e sur de Lugo nin das comarcas de Ourense.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 17:11
Nº Rexistro: 27165
Data envío: 01/03/2018 17:11:36.249

O Goberno do Estado, en vez de promover e potenciar este medio de transporte, coa complicidade da Xunta de Galiza, contribuíu ao progresivo abandono e desmantelamento dos cativos servizos ferroviarios que tiñamos. Historicamente foron negados ou executados en baixa intensidade os investimentos necesarios para acceder á modernización da rede ferroviaria galega. Desta forma, hoxe en día carecemos dunha rede compatíbel para persoas viaxeiras e mercadorías, dunha dupla vía e electrificada en todo o territorio e tamén carecemos de liñas que primen a mobilidade interior, con conexións axeitadas con Portugal e co resto do Estado. Nun contexto de aumento da recadación e de medre orzamentario nas administracións, é preciso un ambicioso Plan de Compensación para o interior do país en materia de conexións e servizos ferroviarios como elemento para reverter os efectos de anos de desinvestimento, mala planificación e falta de cumprimento dos compromisos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo o Goberno galego para corrixir a discriminación do interior do país en materia ferroviaria?

-Considera o Goberno galego que é suficiente o nivel de execución dos compromisos adquiridos a respecto da alta velocidade?

-Entende a Xunta de Galiza suficientes as frecuencias e conexións entre Lugo e Ourense? E entre estas dúas cidades e o resto do país?

-Considera o Goberno galego que a política tarifaria das liñas que conectan o interior de Galiza co Eixo Atlántico é adecuada?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 17:11
Nº Rexistro: 27165
Data envío: 01/03/2018 17:11:36.249

-Que opinión ten a Xunta de Galiza sobre o grao de modernización das liñas de ferrocarril do interior do país?

-Considera o Goberno galego que son suficientes os pasos soterrados nas liñas Lugo-Ourense?

-Que medidas aplica o Goberno galego para avaliar a calidade e utilidade para a veciñanza das liñas existentes no interior de Galiza?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 01/03/2018 17:07:12

María Montserrat Prado Cores na data 01/03/2018 17:07:17



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 17:11
Nº Rexistro: 27165
Data envío: 01/03/2018 17:11:36.249

Ana Pontón Mondelo na data 01/03/2018 17:07:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/03/2018 17:07:23

Noa Presas Bergantiños na data 01/03/2018 17:07:25

Xosé Luis Bará Torres na data 01/03/2018 17:07:27

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727